



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

C.P.I. Plurilingüe de Navia de Suarna

Rúa Pallarón s/n
27650 Navia de Suarna, Lugo
Telf.: 982 87 06 01 Fax: 982 87 06 03
cpi.naviadesuarna@edu.xunta.es

PROGRAMA DE HABILIDADES E COMPETENCIAS SOCIAIS

CPI Plurilingüe de Navia de Suarna

Actualizado curso 2018-19

1- XUSTIFICACIÓN.

1.1. Marco legal.

Xa na Circular 8/2009 da Dirección Xeral de Educación da Xunta de Galicia pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade para o alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria no seu apartado oitavo recolle o seguinte:

“ En relación coas instrucións da presente Circular, correspóndelle á xefatura do Departamento de Orientación: 1. Elaborar un programa básico de habilidades sociais, que contemple, ademais, actuacións para o desenvolvemento cognitivo, para o autocoñecemento e a mellora da autoestima; programa que se incorporará ao plan de acción tutorial, de tal xeito que todo o alumnado utilice ou incorpore estratexias para comunicarse e afrontar adecuadamente aquelas situacións de conflito ás que poida verse exposta na súa vida escolar e social”

Alén disto nos apartados 2 e 3 determina asemade a obrigaón de *“... elaborar e desenvolver un programa de habilidades sociais para o alumnado que sexa remitido reiteradamente á aula de atención educativa e convivencia, coa finalidade de corrixir condutas disruptivas e mellorar a integración no centro educativo”* e tamén para *“... aquel alumnado que sexa sancionado con suspensión do dereito de asistencia ao centro...”*

Ademais na Lei 4/2011 e no Decreto 8/2015 que a desenvolve establece que os plans de convivencia deberán contar cun programa base de habilidades sociais elaborado polo Departamento de Orientación

2- FUNDAMENTACIÓN TEÓRICA.

Para encetar este programa imos principiar cunhas precisións e aclaracións terminolóxicas e conceptuais que sirvan de fundamento ao mesmo.

2.1. As habilidades sociais.

Vicente Caballo define as habilidades do seguinte xeito: *“A conduta socialmente habilidosa é ese conxunto de respostas emitidas por un individuo nun contexto*

interpersoal que expresa os sentimentos, actitudes, desexos, opinións ou dereitos dese individuo dun modo axeitado á situación, respectando esas condutas nos demais, e que xeralmente resolve os problemas inmediatos da situación mentres minimiza a probabilidade de futuros problemas”.

Monereo, pola súa banda, define as habilidades sociais como *“as condutas necesarias para interactuar e relacionarse cos iguais e cos adultos de forma efectiva e mutuamente satisfactoria”.*

As habilidades sociais son, polo tanto, o conxunto de capacidades e destrezas sociais aprendidas, necesarias para realizar competentemente unha tarefa interpersoal: dicir non, facer peticións, responder a un saúdo, manexar conflitos interpersoais, empatizar, expresar sentimentos ...

Un alumno con habilidades sociais presenta unha conduta asertiva de forma que sabe expresar sentimentos, actitudes, desexos, opinións ou dereitos propios de xeito directo, firme e sincera e todo isto respectando os sentimentos, actitudes, desexos, opinións ou dereitos do outro. Alén disto, sabe amosar empatía, o que implica comprender con respecto os sentimentos dos demais, saber pórse no seu lugar. Pola contra, o déficit de destrezas sociais afecta directamente ás interaccións sociais en dúas direccións opostas: retraemento (condutas de fuxida, pasividade) ou agresividade (condutas de violencia verbal, física, condutas manipuladoras,...).

As habilidades sociais baséanse fundamentalmente nas competencias de comunicación e requiren dun bo autocontrol emocional por parte do alumno. Non son innatas, apréndense, e o que é máis importante, poden ser ensinadas e adestradas. Os procesos a través dos que se adoitan adquirir son: a experiencia directa: reforzo positivo ou negativo das condutas, observación e imitación, a instrución verbal, o modelado, ...

2.2. A asertividade.

Para algúns autores a asertividade e as habilidades sociais serían practicamente sinónimos. Outros, no entanto, entenden que a asertividade é só unha parte das habilidades sociais. Desde esta perspectiva Fernsterheim y Baer definen a asertividade como *“a conduta interpersoal que implica a expresión directa dos propios sentimentos e a defensa dos propios dereitos persoais sen negar os dereitos dos outros”.*

Na literatura psicolóxica identifícanse tres estilos básicos de comunicación, diferenciados

polas actitudes que revelan cara ao interlocutor: pasivo, asertivo e agresivo.

O **estilo pasivo** é aquel estilo de comunicación propio de persoas que evitan amosar os seus sentimentos ou pensamentos por temor a ser rexeitados, incomprendidos, a ofender a outras persoas. Infravaloran as súas propias opinións e necesidades dando un valor superior ás dos demais. O alumno que amosa un estilo pasivo é inhibido, introvertido, reservado, non acadada os seus obxectivos e adoita atoparse frustrado, infeliz e ansioso, xa que lles permite aos outros escoller por el, e mesmo, con frecuencia, será vítima de abusos e manipulacións.

O **estilo agresivo** é totalmente oposto ao pasivo, caracterízase pola sobrevaloración das opinións e sentimentos persoais, obviando ou mesmo desprezando os dos demais. O alumno con estilo agresivo trata de impoñer os seus desexos, opinións... de xeito autoritario e hostil, descualificando e humillando a quen lle leve a contra. Ao final este estilo é prexudicial tanto para os compañeiros como para o propio protagonista que se verá rexeitado.

O **estilo asertivo** é aquel estilo de comunicación aberto ás opinións alleas, dándolles a mesma importancia que ás propias. Parte do respecto cara aos demais e cara a un mesmo, formulando con seguridade e confianza o que se quere, aceptando que a postura dos demais non ten porque coincidir coa propia e evitando os conflitos de xeito directo. Implica polo tanto a expresión directa dos propios sentimentos, necesidades, dereitos lexítimos ou opinións sen ameazar ou castigar aos demais e sen violar os dereitos desas persoas. Podemos dicir que unha persoa é asertiva se está segura de si mesma, se se expresa con claridade e evita ser ignorada ou manipulada polos demais. A asertividade, en resumo, permitirá á persoa expresarse libre, directa, sincera e adecuadamente con calquera interlocutor.

2.3. Autocoñecemento: autoconcepto e autoestima.

O autocoñecemento, autoeficacia, autoconcepto e a autoestima son construtos teóricos intimamente ligados ás habilidades sociais.

– Autoconcepto:

Podemos definir o **autoconcepto** como o conxunto de percepcións que unha persoa ten de si mesma construídas a través da interpretación das experiencias da vida propia experiencia no seu medio e influenciado de xeito especial polos reforzos e o feedback que

os “outros significativos” (pais, irmáns, compañeiros, profesores) nos proporcionan.

En grande parte o autoconcepto xorde da interiorización das actitudes e percepcións que os outros significativos teñen de nós, así, acaba un véndose simpático ou molesto, listo ou torpe, pesado ou encantador, por que iso é o que os demais, moitas veces de forma totalmente inconsciente, nos transmiten.

En definitiva o autoconcepto inclúe as características, atributos, cualidades, deficiencias, capacidades e límites, valores e actitudes que as persoas temos acerca de nós mesmos e que engloban aspectos corporais, psicolóxicos, sociais, académicos,...

– **Autoestima:**

Coopersmith define a autoestima do seguinte xeito «a autoestima é a avaliación que fai o individuo de si mesmo ... ; expresa unha actitude de aprobación ou rexeitamento e até que punto o suxeito se considera capaz, significativo, exitoso e valioso» .

A autoestima supón unha actitude valorativa cara a un mesmo, é dicir a consideración positiva ou negativa dun mesmo.

A importancia do autoconcepto e da autoestima radica en que inflúe en como o alumno se sente, como pensa, como aprende, como se valora, como se relaciona cos demais e, en definitiva, como se comporta.

Dentro do ámbito educativo é preciso salientar de novo, que o autoconcepto e a autoestima se constrúe a partir das propias experiencias de éxito e fracaso pero tamén en relación coas opinións, valoracións, expectativas e actitudes que os profesores, alumnos e compañeiros fan a respecto das características a das condutas de cada alumno.

2.4. A Competencia Social

As competencias sociais fan referencia ás habilidades e estratexias socio-cognitivas coas que o alumno conta na interacción social. Dentro das competencias sociais inclúense as habilidades sociais, o autocontrol e a autorregulación emocional, a asertividade, a autoestima, as habilidades de resolución de problemas, ... que permiten ao alumno facer fronte con éxito ao requirimentos diarios producidos nas súas interaccións.

A competencia social forma parte da competencia social e cidadá recollida na LOE, e polo tanto ten que desenvolverse desde todas as áreas do currículo, implica unha boa

competencia comunicativa- lingüística e supón comprender a realidade social en que se vive, afrontar a convivencia e os conflitos empregando xuízo ético baseado nos valores e prácticas democráticas, e exercer a cidadanía, actuando con criterio propio, contribuíndo á construción da paz e da democracia, e mantendo unha actitude responsable ante o cumprimento dos dereitos e obrigas cívicas.

2.5. Consecuencias dos déficits e ou problemas na competencia social do alumnado.

O alumnado con déficits nas habilidades sociais adoitan non seren ben aceptados polos seus compañeiros e mesmo en moitos casos son rexeitados, permanecen illados ou manteñen condutas agresivas cara os compañeiros e outros membros da comunidade educativa.

Podemos clasificar os déficits na competencia social en dous polos dun contínuum que vai da timidez á agresividade. Nun extremo estarían aqueles alumnos que se relacionan moi pouco cos seus iguais e que presentan un patrón de condutas caracterizado pola carencia ou déficit de relacións interpersoais e/ou a evitación do contacto social con outras persoas. No outro extremo, atopámonos cos alumnos que si manteñen relacións cos seus iguais, mais estas son inadecuadas, xa que están cargadas de violencia, avasallamento, intromisión, e agresividade ben sexa explícita e directa ou implícita e indirecta.

Polo tanto, a ausencia dunhas axeitadas habilidades sociais carrega importantes consecuencias negativas no contorno escolar: maltrato entre iguais, inhibición e pasividade, faltas de respecto ao profesorado, agresividade cara o material escolar,

Imos ver máis polo miúdo as características do alumnado con déficits nas habilidades sociais de forma que serva de indicador e rexistro de observación do alumnado do centro.

- **Características dos alumnos tímidos e retraídos:**

- Evitan a relación con outros nenos e adultos, sobre todo se son pouco coñecidos, e cando se relacionan manifestan nerviosismo, ansiedade, evitan a mirada agachando a cabeza, ruborízanse.
- Pasan moitos apuros, tentando pasar desapercibidos para que non lles pregunten, nin se dirixan a eles.

- Foxen do contacto físico dos seus compañeiros e outros adultos.
- Cústalles entrar só a unha clase ou lugar onde estean reunidas varias persoas e dirixirse a eles para pedir ou preguntar algo.
- Adoitan inhibirse nas conversacións e traballos de grupo; cando interveñen trémelles a voz, falan moi baixiño e móstranse nerviosos, xogando coas mans ou algún obxecto que estea ao seu alcance.
- Teñen poucos amigos, gústalles acaparar a amizade dun compañeiro e poden relacionarse con dous compañeiros á vez, pero foxen cando están entre máis de tres nenos.
- Gústalles estar e xogar só tanto en clase como no patio; entretéñense con algún obxecto: balón, libro, animais...
- Pasan desapercibidos para os seus compañeiros; o día que non veñen a clase os seus compañeiros non os botan en falta.
- Cústalles saudar e responder a saúdos ou preguntas que se lle fagan.
- Cústalles iniciar unha conversación e dirixirse a outros para pedir algo, son capaces de quedar sen o que desexan antes de pedilo.
- Son introvertidos e reservados; non falan deles nin de situacións especiais que achan vivido.
- Resultan moi pasivos, parece non interesarlles nada, os seus intereses non os manifestan.
- Presentan sentimentos de inferioridade, son inseguros e con baixa autoestima.
- Gústalles saír pouco da casa.
- Son moi autoritarios e esixentes cos seus pais.

- **As características do alumnado agresivo:**

- Con agresividade explícita e directa:*

- Manifestan unha conduta moi belixerante e impulsiva.
 - Utilizan a agresión física para conseguir o que queren.
 - Molestan aos demais tocándoos, insultándoos e ameazándoos, coa finalidade de chamar a súa atención.

- Adoitan ter conflitos cos iguais, porque discuten e pelexan con moita facilidade e mesmo se meten en problemas alleos, facendo de xusticeiros
- Ameazan e insultan con voces e xestos.
- Son temidos e rexeitados polos seus compañeiros.
- Son pouco respectuosos coas cousas dos demais, non lles importa que rompan ou se deteriorenen.
- Son insensibles ao castigo.

Con agresividade implícita:

- Son nenos tranquilos e reflexivos.
- Teñen que mandar nos xogos e traballos, para iso rodéanse de nenos que poidan dominar, evitando a relación con compañeiros maiores.
- Ignoran e violan os dereitos dos demais; hai que facer o que eles queiran.
- Ameazan, menosprezan e intimidan aos demais verbalmente e coa súa actitude de desprezo.
- Utilizan artimañas para enfrontar aos seus compañeiros e illar ao que lles molesta.
- Son moi dominantes, humillan e desprezan aos seus compañeiros.
- Son temidos polos seus compañeiros, pero non rexeitados; chegan a ser admirados polos seus iguais.
- Insensibles ao castigo.
- Provocan e desafían ao adulto coa súa mirada e actitude, cando son reprendidos.

Estas características poden ser unha boa ferramenta para que o profesorado reflexione sobre as características do alumnado á hora de discriminar a aquel que precisaría de adestramento en habilidades sociais.

2.6. Como se aprende e desenvolve a competencia social?

O proceso de desenvolvemento da competencia interpersonal, sobre todo nos anos iniciais, desempeña un papel moi relevante a familia e as primeiras figuras de apego. Para algúns

autores como Echeburúa (1993), a estimulación social que fan os pais (por exemplo, relacións con veciños, nos xogos,...) correlaciona directamente co grao de desenvolvemento social dos nenos. A exposición a situacións sociais novas e variadas, facilita a adquisición de habilidades sociais e disipa os temores sociais iniciais. Pola contra, pais inhibidos e tímidos ou pouco sociables, evitan exporse a si mesmos e aos seus fillos a situacións sociais. Así os nenos aprenden repertorios de habilidades sociais escasos, aprenden respostas de inhibición e/ou de evitación.

Nos anos seguintes, ademais da familia entran en xogo outras figuras significativas de interacción como son as compañeiras e compañeiros, os iguais, os/as profesores/as e educadores en xeral.

En definitiva, a competencia social desenvólvese e aprende ao longo do proceso de socialización, grazas á interacción con outras persoas e a través principalmente dos seguintes mecanismos:

- **Aprendizaxe por experiencia directa:** As condutas interpersoais dependen das consecuencias (reforzantes ou aversivas) aplicadas pola contorna despois de cada comportamento social.
- **Aprendizaxe por observación:** O neno aprende condutas de relación como resultado da exposición ante modelos significativos. Hai que ter en conta que os modelos aos que se ve exposto son moi variados: pais, irmáns, compañeiros, veciños, amigos, e tamén outros modelos de tipo simbólico como a televisión, videoxogos,...
- **Aprendizaxe verbal ou instrucional:** este tipo de aprendizaxe é aquel que se produce a partir de instrucións verbais formais (na escola) ou informais (na casa, rúa,...)
- **Aprendizaxe por feedback interpersoal:** O feedback interpersoal consiste na explicitación por parte dos actores e os observadores de como foi o noso comportamento.

2.7 Cales son as causas dos problemas na habilidades sociais do alumnado.

Adoita haber dous modelos explicativos da inhabilidade social: o modelo de déficit e o modelo de interferencia.

- Segundo o «**Modelo de déficit de habilidade ou de déficit no repertorio condutual**», os problemas de competencia social explícanse porque o suxeito non conta no seu repertorio coas condutas e habilidades necesarias para actuar nunha determinada situación interpersonal; o suxeito non sabe porque nunca o aprendeu. Na base da ausencia de habilidades sociais estaría unha inadecuada historia de reforzamentos, a ausencia de modelos apropiados ou carencia de estimulación e oportunidades de aprendizaxe.
- Baixo a «**Hipótese de interferencia**», tamén chamada do «**déficit de execución**», atopamos varios modelos explicativos que afirman que o suxeito ten (ou pode ter) no seu repertorio, determinadas habilidades, pero non as pon en xogo porque factores emocionais, cognitivos e/ou motores interfieren coa súa execución. Entre os factores que poden interferir estarían: baixa autoestima e autoeficacia, pouca capacidade de empatía cos outros, pobres estratexias de resolución de problemas, atribucións causais inexactas, falsas crenzas, pobre control emocional, depresión, frustración, ...

2.8. Como se modifican e ensinan as habilidades sociais?. Os programas de adestramento e ensino de habilidades sociais.

A conduta interpersonal apréndese e por tanto pode ensinárselle e modificarse. Isto pode facerse por medio de múltiples estratexias de intervención denominadas tradicionalmente adestramento en habilidades sociais entendida coma o intento directo e sistemático de ensinar estratexias e habilidades interpersonais aos individuos coa intención de mellorar a súa competencia para relacionarse cos seus pares.

Actualmente as habilidades sociais están a cobrar moita importancia nos contextos educativos ordinarios, tal e como vén reflectido na propia Circular 8/2009. Asistimos, pois, ao ingreso do ensino e adestramento en habilidades sociais dentro da institución escolar, o que supón o ensino das habilidades de interacción social a TODOS o alumnado nos contextos reais, en ambientes naturais e cun obxectivo educativo de promoción da competencia social e de prevención primaria de posibles problemas.

3. DESTINATARIOS DO PROGRAMA

Os programas desenvólvense en dúas modalidades unha preventiva e proactiva dirixida a todo o alumnado do centro e outra máis específica e individualizada.

A) **Programas xerais para todo o alumnado** a través das sesións de tutoría e transversalmente a través de todas as áreas e experiencias educativas do centro.

B) **Programas individualizados no departamento de orientación** dirixidos ao alumnado que sexa enviado reiteradamente ás aulas de convivencia, alumnado que sexa expulsado reiteradamente das aulas e ou aquel que teña frecuentes partes de incidencia. Tamén se poderían beneficiar dos programas individualizados aqueles alumnos que teñen un déficit de habilidades sociais que lle dificulta o establecemento de relacións cos seus pares (introversión, timidez, estilos pasivos, inseguros...)

4. OBXECTIVOS

- Desenvolver unhas óptimas habilidades comunicativas básicas no alumnado do centro.
- Fomentar a construción dun autoconceito e autoestima axeitado en todo o alumnado.
- Fomentar a identificación das emocións e o autocontrol da mesmas.
- Desenvolver estratexias de solución de problemas e conflitos interpersoais.
- Axudar a que o alumnado adquira un estilo asertivo a través da adquisición das técnicas asertivas máis cotiás.
- Desenvolver o sentimento e percepción de autoeficacia e seguridade nas interaccións sociais.

5. CONTIDOS

Contidos	Destrezas, habilidades, competencias
Habilidades Sociais Básicas	<ul style="list-style-type: none"> - Rir e sorrir -Saudar - Presentarse - Pedir favores - Expresións de cortesía e amabilidade - A comunicación non verbal
Habilidades para facer amigos	<ul style="list-style-type: none"> - Louvar e reforzar aos outros -Iniciar interaccións cos outros -Unirse ao xogos - Cooperar e compartir cos outros -As situacións de discriminación
Habilidades conversacionais	<ul style="list-style-type: none"> -Iniciar, manter e rematar conversacións -Unirse as conversación dos outros -As conversacións grupais - Facer e recibir críticas
Habilidades de control emocional, autoconcepto e autoestima	<ul style="list-style-type: none"> -Identificar as emocións -Expresar e recibir emocións -Técnicas de control emocional: respiración profunda, ensaio mental, pensamento positivo, relaxación -Autoafirmacións positivas
Asertividade	<ul style="list-style-type: none"> -Defender os propios dereitos -Defender as propias emocións -Coñecer as técnicas asertivas máis comúns: disco raiado, banco de néboa, aserción negativa, interrogación asertiva, dicir non, ...
A resolución de problemas e conflitos interpersoais	<ul style="list-style-type: none"> -Especificación e delimitación do problema -Análise e reflexión sobre as solución

	<p>automática que adoitamos utilizar</p> <ul style="list-style-type: none"> -Procura e listaxe de solucións alternativas -Análise das consecuencias das solucións atopadas -Escolla da mellor solución
--	---

6. METODOLOXIA : ESTRATEXIAS DE ENSINO-APRENDIZAXE DA COMPETENCIA SOCIAL E HABILIDADES SOCIAIS

A) Transversalmente a través de todas ás áreas e experiencias educativas.

As estratexias metodolóxicas para fomentar a aprendizaxe da competencia social teñen que ser moi variadas e transversais a través de todas as áreas do currículo, asemade, hai que aproveitar as situacións e experiencias da vida real no centro e na aula: no cumprimento das normas, na convivencia na aula, no comedor, nos xogos,...

B) A Través das sesións de Titoría.

Unha magnífica oportunidade para traballar a competencia social de xeito máis intencional son as sesións semanais de titoría. Dentro desta as técnicas máis acaídas para o desenvolvemento da competencia social son:

- **Pequenos grupos de discusión:** consisten nun número reducido de persoas que intercambian “cara a cara” ideas sobre un tema, resollen un problema ou toman de decisións e enriquecécese do aporte de diferentes puntos de vista. Nos pequenos grupos de discusión elíxese a un secretario para que rexistre as conclusións que vaian xurdindo con motivo do debate despois dunha elaboración participativa e democrática. A técnica consiste na formulación de forma precisa dunha pregunta ou tema a un grupo para ser discutido en subgrupos durante un breve período de tempo. Tras ese período de tempo cada subgrupo debe sintetizar as ideas nun breve informe para comunicalo a todo o grupo. Deste modo, todo o grupo toma coñecemento dos diversos puntos de vista que xurdiron en cada un dos subgrupos, o que permite extraer conclusións sobre o tema. É unha técnica moi útil para ser aplicada en grupos grandes xa que permite unha participación activa e democrática de todos os membros e ofrece a posibilidade de contemplar opinións e puntos de vista diferentes para chegar a unha toma de decisións en

pouco tempo. Con esta dinámica facilítase a confrontación de ideas, a capacidade de síntese e de concentración, axuda a aqueles que atopan dificultades para falar ante outros, estimula o sentido de responsabilidade e distribúe a actividade en pequenos grupos para ser difundida posteriormente en beneficio de todos.

- **Remuíño de ideas:** o remuíño de ideas é unha técnica de grupo que trata de crear un clima informal, sen estereotipos, permisivo, despreocupado, con absoluta liberdade de expresión, que estimule a capacidade imaxinativa na elaboración de ideas orixinais e na busca de solucións alternativas eficaces aos problemas, sen censura. Está dirixida a desenvolver e exercitar a imaxinación creadora. É unha técnica moi útil para fomentar a fluidez de ideas e posterior avaliación das mesmas respecto a calquera tema. O procedemento para levala a cabo é o seguinte: 1) en primeiro lugar, descríbese o problema ou tema en cuestión; 2) durante un tempo aproximadamente de cinco a dez minutos, os membros distribuídos en pequenos equipos presentan ideas en cantidade para solucionar o problema, sen realizar ningunha crítica fronte as ideas que se van presentando, ideas que rexistra un secretario en cada equipo; 3) posteriormente, durante dez minutos débátese e avalíanse as ideas e elíxese as tres que se consideren máis axeitadas, e 4) por último avalíanse e de novo selecciónanse as tres que poidan ser máis útiles ou factibles.

- **Frases incompletas:** é unha técnica proxectiva que permite a identificación do punto de vista dos membros do grupo en relación a diversos temas que se abordan neste programa. Basicamente consiste en completar rapidamente, co primeiro que se nos ven a cabeza, un conxunto de frases incompletas que teñan contidos referentes aos temas que se queren analizar. Despois de completar as frases individualmente, os membros do grupo rexistran as súas respostas a cada frase nunha gran folla de papel. En último lugar, e en gran grupo, coméntanse as respostas dadas a cada frase e reflexionase sobre as mesmas.

- **Estudo de casos:** o estudo de casos permite adestrar aos membros dun grupo na discusión guiada, na análise de situacións e feitos, na análise e intercambio de ideas, permitindo deste xeito desenvolver a flexibilidade de razoamento e amosando que non hai unha única solución para un mesmo problema. Un caso non é mais que unha descrición detallada e exhaustiva dunha situación real, susceptible de ser analizada, e discutida e que estimule o intercambio de ideas. Unha das características desta técnica é que cada un dos membros pode aportar unha solución diferente á situación formulada, de acordo

cos seus coñecementos, experiencias e motivacións.

- **Role-playing: (xogo de roles)** esta é unha técnica moi difundida que consiste na escenificación onde dous ou máis persoas representan libre e espontaneamente unha situación da vida real, asumindo os roles de cada caso, co obxecto de que se volva real e visible, e deste xeito poida ser mellor comprendida. Con posterioridade a escenificación ábrese unha fase de discusión para extraer as conclusións oportunas.
- **Discusión guiada mediante a formulación de preguntas:** co obxectivo de estimular a reflexión e o diálogo, en cada actividade hai unha proposta indicativa de preguntas relacionadas co desenvolvemento e obxectivos da sesión.
- **O micrófono:** esta é unha técnica que ten por finalidade fomentar a regulación da comunicación intragrupo potenciando os hábitos de escoita activa. É unha técnica para ser utilizada unicamente con grupos nos que os debates non respectan as intervencións dos compañeiros, grupos algo impulsivos nos que varios membros falen sen escoitarse correctamente. O micrófono pode simbolizar con calquera obxecto (rotulador, pau corto,..) e este obxecto permite o seu portador expresar as súas ideas ou pensamentos sobre o tema en cuestión. O rematar de expor a súa opinión, entrega o micrófono a outro compañeiro que teñan pedida a palabra e así sucesivamente.
- **Phillips 6.6:** consiste en que un grupo grande divídese en subgrupos de 6 persoas para que durante 6 minutos discutan un tema chegando a unha conclusión. Posteriormente os subgrupos expoñen as súas conclusións a todo o grupo chegando a unha conclusión xeral. Esta técnica favorece a participación activa de todos os membros dun grupo grande, e permite asemade obter nun período de tempo moi breve as opinións dun grupo respecto a un tema. Para o desenvolvemento desta técnica, moderador (profesor) expoñerá brevemente o caso, ou cuestión que vai a ser obxecto de estudio. Fórmanse os subgrupos de 6 persoas, e fáiselles saber que a reunión só durará 6 minutos. Cada subgrupo nomeará un secretario que tomará nota de todo o que digan ou opinen todos e cada un dos seis membros do grupo, concedendo a cada membro un minuto. Redactaranse as conclusións ás que chegue o grupo. Pasados os 6 minutos de reunión en pequeno grupo, reunirase todo o gran grupo, e cada subgrupo lerá as conclusións ás que chegaran. Tomarase no encerado nota de todo o que se vaia dicindo. Finalmente o titor despois de escoitar a todos os grupos sacará as conclusións derivadas das distintas investigacións, chegando a un acordo, proposta ou decisión.

- Visionado de filmes e debate guiado sobre os problemas suscitados no filme
- Novas de xornais relacionadas coa competencia social: situacións de discriminación, xénero, maltrato, ...
- ...

C) Individualmente no Departamento de Orientación.

No caso de alumnado que reiteradamente sexa remitido á aula de atención educativa e convivencia ou no do alumnado sancionado coa suspensión do dereito de asistencia ao centro levarase a cabo un programa individualizado de habilidades sociais.

O momento para realizar o programa ten que ser flexible, podendo aproveitarse as sesións de titoría (o alumno sairía da aula), o recreo dos mércores polo serán,..

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS PARA IMPLMETAR OS PROGRAMAS DE COPETENCIA E HABILIDADES SOCIAIS.

– **Programa para o Desenvolvemento para a personalidade e educación en Dereitos Humanos de Maite Garaigordobil Landazabal publicado por Edicións Pirámide. Daráselle unha copia (traducida ao noso idioma, o galego) a cada titor/a.**

Este programa persegue entre outros os seguintes obxectivos:

- Crear e promover o desenvolvemento do grupo
- Ampliar o autocoñecemento e o coñecemento dos demais membros do grupo.
- Promover hábitos de escoita activa, comunicación bidireccional, e a capacidade de dialogar apropiadamente
- Estimular a capacidade de cooperación
- Facilitar a expresión de sentimentos
- Identificar e analizar percepcións, estereotipos e prexuizos:
- Experimentar as limitacións fisiolóxicas e psicolóxicas da percepción.
- Analizar percepcións, crenzas, prexuizos..., contrastando estas percepcións

coas doutros membros do grupo.

- Flexibilizar os propios puntos de vista, e apertura a outras posibles percepcións.
- Clarificar o concepto de estereotipo, prexuízos e de cliché, evidenciando a tendencia á construción de clichés sobre a realidade que se estruturan con escasa información, e que condicionan e dirixen a nosa conduta.
- Diferenciar feitos de opinións.
- Analizar a discriminación, diminuír o etnocentrismo e comprender a interdependencia.
- Diferenciar distintas formas de discriminación (sexo, raza-etnia, relixión...)
- Identificar situacións de discriminación concretas, e experimentar sentimentos de discriminación para comprender esta experiencia.

Este programa consta de 60 actividades que se poden levar na sesión de titoría estruturadas en 7 módulos. Hai que salientar que non é necesario levar a cabo a totalidade das actividades, os titores escolleran as máis acaídas ás características e necesidades do seu grupo, porén si sería importante que se traballara actividades de todos os módulos. Velaí a estrutura dos contidos do programa:

<p>Módulo I: Autocoñecemento e Autoestima.</p> <p><i>Este módulo inclúe oito actividades que fomentan o autocoñecemento e o coñecemento dos outros, así como a mellora da autoimaxe e da imaxe dos demais.</i></p>	<ol style="list-style-type: none">1- Árbores de Presentación2- Unha mirada no espello3- Autobiografía4- Encontros5- Caricatura6- Roles ou papeis na vida7- O foco8- Espello máxico
<p>Módulo II: Comunicación Intragrupa</p> <p><i>Este módulo consta de nove actividades para estimular a comunicación intragrupal e o desenvolvemento de destrezas que melloren a comunicación.</i></p>	<ol style="list-style-type: none">9- Comunicación e consenso.10- Viaxe á Antártida11- Polarización Eléctrica12- Aventura a lúa13- O impacto: a guerra14- O impacto: o divorcio

	15- Entrevistas 16- Acordos e discrepancias 17- A historia
<p>Módulo III: Expresión e comprensión de sentimentos</p> <p><i>Contén oito actividades que facilitan a identificación e a expresión de sentimentos, así coma a análise das causas e consecuencias de variados sentimentos e os mecanismos de resolución adaptativa de sentimentos negativos.</i></p>	18- Abanico de sentimentos 19- A bolsa dos sentimentos 20- O medo 21- A ira 22- Modelos 23- Frases incompletas 24- Imaxes 25- Situacións problema
<p>Módulo IV: Relacións de axuda e cooperación</p> <p><i>Neste módulo propóñense dez xogos que estimulan as relacións de axuda e cooperación entre os membros do grupo.</i></p>	26- Localización de obxectos 27- Sopa de Letras 28- Murais 29- O guión 30- Liberar ao prisioneiro 31- Tangram cooperativo 32- O misterio de secuestro 33- O aduaneiro 34- Titular a foto 35- O fantasma do castelo
<p>Módulo V: Percepcións e estereotipos</p> <p><i>Este módulo inclúe oito actividades que favorecen a identificación de percepcións e estereotipos, o contraste coas percepcións dos demais e a reflexión sobre o impacto da percepción na conduta</i></p>	36- Percepcións gráficas 37- Información e clixés 38- Ideas e prexuízos 39- Feitos e opinións 40- Xornalismo crítico 41- Imaxes doutros pobos 42- Asociación de palabras 43- A inmobiliaria
<p>Módulo VI: Discriminación e etnocentrismo</p> <p><i>Este módulo intégrano oito actividades que permiten analizar a discriminación, favorecendo a apertura ás perspectivas doutros grupos socio-culturais, a diminución do etnocentrismo e unha comprensión da interdependencia existente entre individuos, grupos ou nacións</i></p>	44- Falando de racismo 45- O estranxeiro 46- Situacións de discriminación 47- Os rapaces e rapazas 48- O restaurante internacional 49- Afirmacións e feitos 50- Nacionais e estranxeiros 51- Fotos conflictivas
<p>Módulo VII: Resolución de Conflitos</p>	52- O roubo

<p><i>Contén nove actividades nas que se presentan situacións de conflito que teñen por finalidade activar técnicas e procesos de análise e resolución de conflitos variados</i></p>	<p>53- A agresión 54- O rexeitamento 55- O Consello de redacción 56- Xurado popular 57- Unha pelexa de grupo 58- Opostos e negociación 59- Fantasía e realidade 60- Os burros</p>
--	--

– **Programa de Refuerzo de las Habilidades Sociales, Autoestima y Solución de Problemas – III de Antonio Vallés Arándiga y Consol Vallés Tortosa da Editorial EOS**

Este caderno consta de 12 unidades didácticas que poderán ser traballadas en sesións individuais no Departamento de Orientación no caso do alumnado con amoestacións reiteradas ou expulsións.

As unidades que abrangue este caderno son as seguintes:

Unidade 1: A conduta asertiva e non asertiva. A conduta agresiva

Unidade 2: Como observar as situacións sociais.

Unidade 3: A Autoestima. Ti vales moito

Unidade 4: Como mellorar as túas conversacións

Unidade 5: Habilidades sociais non verbais

Unidade 6: Como defender os teus dereitos e respectas os dos demais

Unidade 7: Como responder ás críticas

Unidade 8: Como solucionar problemas

– *Programa para el desarrollo de la personalidad y la educación en derechos humanos.* Maite Garaigordobil Editorial Pirámide.

– Plan de Convivencia do CPI Plurilingüe de Navia de Suarna

– Materiales para traballar as habilidades sociais da Consejería de Educación de Andalucía <http://www.juntadeandalucia.es/educacion/webportal/web/convivencia-escolar/materiales/bibliografia/habilidades>

PROGRAMA PARA O DESENVOLVEMENTO DA PERSONALIDADE E A EDUCACIÓN EN DEREITOS HUMANOS

(Este programa foi “fusilado” do libro: “Intervención Psicológica con Adolescentes” de Maite Garaigordobil Landazabal . Ediciones Pirámide)

1. Obxectivos e características do programa:

1.1. Crear e promover o desenvolvemento do grupo

1. Ampliar o autoconhecimento e o coñecemento dos demais membros do grupo.
2. Promover hábitos de escoita activa, a comunicación bidireccional, e a capacidade de dialogar apropiadamente
3. Estimular a capacidade de cooperación
4. Facilitar a expresión de sentimentos

1.2. Identificar e analizar percepcións, estereotipos e prexuizos:

- Experimentar as limitacións fisiolóxicas e psicolóxicas da percepción.

- Analizar percepcións, crenzas, prexuizos..., contrastando estas percepcións coas doutros membros do grupo.
- Flexibilizar os propios puntos de vista, e apertura a outras posibles percepcións.
- Clarificar o concepto de estereotipo, prexuizos e de cliché, evidenciando a tendencia á construción de clichés sobre a realidade que se estruturan con escasa información, e que condicionan e dirixen a nosa conduta.
- Diferencias feitas de opinións.

1.3. Analizar a discriminación, diminuír o etnocentrismo e comprender a interdependencia.

- Recoñecer as percepcións que se teñen doutros grupos sociais e culturais, identificando actitudes discriminatorias, racistas, ou xenófobas.
- Ampliar información sobre diversos grupos culturais para mellorar a comprensión dos mesmos.
- Diferenciar distintas formas de discriminación (sexo, raza-etnia, relixión...)
- Identificar situacións de discriminación concretas, e experimentar sentimentos de

discriminación para comprender esta experiencia.

- Poñer de releve a inxusta distribución da riqueza no mundo.

2. Orientacións concretas para levar a cabo as actividades do programa:

Coa finalidade de facilitar a dirección do grupo, os autores do programa presentan unha suxestións prácticas para desenvolver o programa.

2.1. Exposición dos obxectivos e as instrucións:

Debemos comezar por expoñerlle ao grupo os obxectivos que se pretenden coa actividade e as instrucións da actividade, tratando de desenvolver a actividade dende un enfoque lúdico.

2.2. Organización e regulación da actividade:

Coa finalidade de estimular a interacción multidireccional dos membros do grupo, é aconsellable propoñer directivamente os agrupamentos en pequenos grupos ou equipos de modo que sexan diferentes en cada actividade. En ocasións pode deixarse que os membros da clase se repartan libremente, pero é preferible que o profesor os distribúa co fin de que todos vaian rotando entre os distintos subgrupos.

Outro dos aspectos no que fan máis énfase os autores, é que sempre debe haber ao final de cada actividade unha fase de reflexión ou debate, que serva de síntese.

O adulto ten que ser o condutor do grupo no proceso de reflexión e de identificación das conclusións implícitas na actividade realizada. Para conseguir isto pode realizar actividades como as seguintes:

- Formulación de preguntas como técnica para estimular a reflexión nos membros do grupo. O profesor debe fomentar a reflexión sobre o que sucede durante a realización das mesmas.
- O adulto non emitirá xuízos de valor, nin opinións persoais, debe potenciar o pensamento crítico e reforza condutas axeitadas.
- Enfatizar verbalmente a escoita activa entre os membros do grupo e evitar que o debate sexa irrespectuoso ou agresivo.
- Estimular que reflexionen e razoen ao fío dos temas que se poñen de releve nestas actividades.
- Identificar os incidentes negativos (rexeitamento, descualificación...) que se producen entre os membros do grupo e abordalos construtivamente.

- Potenciar que o debate se realice cos membros do grupo en posición circular de tal forma que todos poidan verse e escoitarse axeitadamente.
- Fomentar, a través da formulación de preguntas, a integración grupal dos adolescentes que non participan habitualmente de forma espontánea.
- Evitar que se fale de persoas ausentes
- Valorar verbalmente as condutas prosociais que se observen entre os membros do grupo.
- Promover a participación activa de todos os membros do grupo.

2.3. Técnicas de dinámica de grupos para o desenvolvemento:

- Xogo e debuxo: no programa utilízanse diferentes tipos de xogos para fomentar o desenvolvemento da actividade tales como xogos de comunicación, xogos de axuda-cooperación e xogos de expresión emocional a través da dramatización.
- Pequenos grupos de discusión: consisten nun número reducido de persoas (cinco ou seis) que intercambian “cara a cara” ideas sobre un tema, resolven un problema ou toman de decisións e enriquecécese do aporte de diferentes puntos de vista. Nos pequenos grupos de discusión elíxese a un secretario para que rexistre as conclusións que vaian xurdindo con motivo do debate despois dunha elaboración participativa e democrática. A técnica consiste na formulación de forma precisa dunha pregunta ou tema a un grupo para ser discutido en subgrupos durante un breve período de tempo. Tras ese período de tempo cada subgrupo debe sintetizar as ideas nun breve informe para comunicalo a todo o grupo. Deste modo, todo o grupo toma coñecemento dos diversos puntos de vista que xurdiron en cada un dos subgrupos, o que permite extraer conclusións sobre o tema. É unha técnica moi útil para ser aplicada en grupos grandes xa que permite unha participación activa e democrática de todos os membros e ofrece a posibilidade de contemplar opinións e puntos de vista diferentes para chegar a unha toma de decisións en pouco tempo. Con esta dinámica facilítase a confrontación de ideas, a capacidade de síntese e de concentración, axuda a aqueles que atopan dificultades para falar ante outros, estimula o sentido de responsabilidade e distribúe a actividade en pequenos grupos para ser difundida posteriormente en beneficio de todos.
- *Remuíño de ideas*: o remuíño de ideas é unha técnica de grupo que trata de crear un clima informal, sen estereotipos, permisivo, despreocupado, con absoluta liberdade de expresión, que estimule a capacidade imaxinativa na elaboración de ideas orixinais e na busca de solucións alternativas eficaces aos problemas, sen censura. Está dirixida a desenvolver e exercitar a imaxinación creadora sen censura. É unha técnica moi útil para fomentar a fluidez de ideas e posterior avaliación das mesmas respecto a calquera tema. O procedemento para levala a cabo é o seguinte: 1) en primeiro lugar, descríbese o problema ou tema en cuestión; 2) durante un tempo aproximadamente de cinco a dez minutos, os membros distribuídos en pequenos equipos presentan ideas en cantidade para solucionar o problema, sen realizar ningunha crítica fronte as ideas que se van presentando, ideas que rexistra un secretario en cada equipo; 3) posteriormente, durante dez minutos débátese e avalían as ideas e elíxese as tres que se consideren máis axeitadas, e 4) por último avalíanse e de novo selecciónanse as tres que poidan ser máis útiles ou factibles.

- *Frases incompletas:* é unha técnica proxectiva que permite a identificación do punto de vista dos membros do grupo en relación a diversos temas que se abordan neste programa. Basicamente consiste en completar rapidamente, co primeiro que se nos ven a cabeza, un conxunto de frases incompletas que teñan contidos referentes aos temas que se queren analizar. Despois de completar as frases individualmente, os membros do grupo rexistran as súas respostas a cada frase nun gran prego de papel. En último lugar, e en gran grupo, coméntanse as respostas dadas a cada frase e reflexionase sobre as mesmas.

- *O estudio de casos:* o estudio de casos permite adestrar aos membros dun grupo na discusión guiada, na análise de situacións e feitos, na análise e intercambio de ideas, permitindo deste xeito desenvolver a flexibilidade de razoamento e amosando que non hai unha única solución para un mesmo problema. Un caso non é máis que unha descrición detallada e exhaustiva dunha situación real, susceptible de ser analizada, e discutida e que estimule o intercambio de ideas. Unha das características desta técnica é que cada un dos membros pode aportar unha solución diferente á situación formulada, de acordo cos seus coñecementos, experiencias e motivacións.

- *Role-playing:* (xogo de roles) esta é unha técnica moi difundida que consiste na escenificación onde dous ou máis persoas representan libre e espontaneamente unha situación da vida real, asumindo os roles de cada caso, co obxecto de que se volva real e visible, e deste xeito poida ser mellor comprendida. Con posterioridade a escenificación ábrese unha fase de discusión para extraer as conclusións oportunas.

- *Discusión guiada mediante a formulación de preguntas:* co obxectivo de estimular a reflexión e o diálogo, en cada actividade hai unha proposta indicativa de preguntas relacionadas co desenvolvemento e obxectivos da sesión.

- *O micrófono:* esta é unha técnica que ten por finalidade fomentar a regulación da comunicación intragrupo potenciando os hábitos de escoita activa. É unha técnica para ser utilizada unicamente con grupos nos que os debates non respectan as intervencións dos compañeiros, grupos algo impulsivos nos que varios membros falen sen escoitarse correctamente. O micrófono pode simbolizar con calquera obxecto (rotulador, pau corto,..) e este obxecto permite o seu portador expresar as súas ideas ou pensamentos sobre o tema en cuestión. O rematar de expor a súa opinión, entrega o micrófono a outro compañeiro que teñan pedida a palabra e así sucesivamente.

- *Phillips 6.6:* consiste en que un grupo grande divídese en subgrupos de 6 persoas para que durante 6 minutos discutan un tema chegando a unha conclusión. Posteriormente os subgrupos expoñen as súas conclusións a todo o grupo chegando a unha conclusión xeral. Esta técnica favorece a participación activa de todos os membros dun grupo grande, e permite asemade obter nun período de tempo moi breve as opinións dun grupo respecto a un tema. Para o desenvolvemento desta técnica, moderador (profesor) expoñerá brevemente o caso, ou cuestión que vai a ser obxecto de estudio. Fórmanse os subgrupos de 6 persoas, e fáiselles saber que a reunión só durará 6 minutos. Cada subgrupo nomeará un secretario que tomará nota de todo o que digan ou opinen todos e cada un dos seis membros do grupo, concedendo a cada membro un minuto. Redactaranse as conclusións ás que chegue o grupo. Pasados os 6 minutos de reunión en pequeno grupo, reunirase todo o gran grupo, e cada subgrupo lerá as conclusións ás que chegaran. Tomarase na pizarra nota de todo o que se vaia dicindo. Finalmente o titor despois de escoitar a

todos os grupos sacará as conclusións derivadas das distintas investigacións, chegando a un acordo, proposta ou decisión.

MÓDULO I: ACTIVIDADES DE AUTOCONOCIMIENTO- AUTOCONCEPTO

Este módulo inclúe oito actividades que fomentan o autoconocemento e o coñecemento dos outros, así como a mellora da autoimaxe e da imaxe dos demais.

- 5. Árbores de presentación**
- 6. Unha mirada no espello**
- 7. Autobiografía**
- 8. Encontros**
- 9. Caricatura**
- 10. Roles ou papeis na vida**
- 11. O foco**
- 12. Espello máxico**

1- Árbores de presentación

Obxectivos:

- Tomar conciencia dun mesmo: incrementar o autocoñecemento.
- Ampliar o coñecemento dos compañeiros de grupo.

Descrición da actividade:

O grupo sitúase fronte a unha folla grande de papel de embalar sobre o que se debuxan varias árbores con varias pólas. Debe haber como mínimo tantas pólas como membros do grupo. Os participantes reciben un anaco de cartolina co que facer a súa tarxeta de presentación. Nesta tarxeta de visita poñen o seu nome, realizan un debuxo que represente algo que lles gusta e unha descrición verbal, unha frase indicando algo que engada información ao debuxo. Posteriormente, cando van rematando, acoden a pegar a súa tarxeta en algunha póla das árbores de presentación debuxados na folla. En último lugar, cando todas as tarxetas están colgadas, os membros do grupo tómanse un tempo para observar as tarxetas dos seus compañeiros. Todos deben ler as tarxetas dos demais.

Notas:

O profesor debe evitar no posible que se observen uns aos outros mentres realizan a actividade. Pegar as tarxetas de xeito que se podan ler con facilidade. Se o grupo se coñece dende fai tempo pódense empregar outras consignas que requiran unha maior implicación emocional; por exemplo, sorprende aos teus compañeiros e infórmaos de algo sobre ti que non saiban, ou debuxo o mellor recordo, ou unha experiencia que te impresionou....

Discusión:

Establecese fronte aos árbores de presentación despois do tempo de observación das tarxetas de presentación. ¿Este exercicio axudouvos a coñecer mellor os vosos compañeiros? ¿Descubristes algunhas afinidades con outros compañeiros (intereses e afeccións similares)?,etc

Materiais: Varios metros de papel de embalar. Cartolinas de varias cores. Celos. Pinturas. Rotuladores

Tempo: 30 minutos aproximadamente.

2 - Unha mirada ao espello

Obxectivos:

- Tomar conciencia dun mesmo. Incrementar o autocoñecemento
- Reflexionar sobre as percepcións dun mesmo e a orixe destas percepcións.
- Analizar o impacto da autoimaxe ou autopercepción na conduta

2 - Unha mirada ao espello

Aprender estratexias de modificación dun autoconceito negativo.

Descrición da actividade:

Entrégase a cada participante un listado con 52 adxectivos (26 positivos e e 26 negativos) e unha folla para a recollida de descrições (ver modelos). En primeiro lugar, cada participante describe como o ve a súa nai, seleccionando do listado os adxectivos que cre que utilizaría súa nai para definilo. Mentres se len os adxectivos anótanse os seleccionados do listado que se lle presenta na folla de recollida de descrições. En segunda lugar, e tapando as respostas previas, selecciónanse os adxectivos cos que o describiría o seu pai. En terceiro lugar, realizando a mesma operación, é dicir, tapando as respostas previas, selecciona os adxectivos que describen como o ve un amigo ou os amigos, e, en último lugar, como se ve el mesmo.

Unha vez anotadas as respostas na folla de recollida de descrições, observan as súas respostas, analizando individualmente: 1º) o concepto positivo ou negativo que teñen del súa nai, seu pai, un amigo e el mesmo (número de adxectivos positivos e negativos en cada avaliación); 2º) que persoa o ve máis parecido a como se ve el mesmo.

Notas: Na fase de debate a exposición pública dos adxectivos seleccionados debe ser voluntaria, xa que o principal obxectivo é a reflexión sobre un mesmo.

Discusión:

Este exercicio axudouvos a coñecervos mellor a vosoutros mesmos?

Agardo que cada un reflexionase sobre a imaxe que ten del mesmo e como cre que o ven os outros. ¿Son parecidas ou moi diferentes as imaxes que tedes de vosoutros mesmos e a imaxe que pensades teñen os demais?

De onde proceden as ideas que temos de nosoutros mesmos?, Como formamos a imaxe que temos de nosoutros mesmos? Credes que as ideas que temos sobre nosoutros inflúen nos comportamentos que temos e nas cousas que nos suceden?, Ocorrírensevos os algún exemplo? Podemos cambiar a imaxe que temos de nosoutros mesmos?, Como?

Materiais: Unha listaxe de adxectivos e unha folla de recollida de descrições por participante participante. Un lapis e unha goma.

Tempo: 60 minutos aproximadamente.

3 - Autobiografía

Obxectivos:

17. Incrementar o autoconcepto mediante a autodescrición
18. Ampliar o coñecemento dos demais.

Descrición da actividade:

Durante 5-10 minutos cada participante fai a súa autobiografía, escribindo nun folio datos significativos das súa vida (descrición aberta: irmáns, cousas que lles gustan ou desgustan, experiencias que viviron, habilidades que posúen...) A autodescrición debe ter unha lonxitude máxima de dez liñas. Despois de redactar a autobiografía firmada polo seu autor, organízanse equipos de seis ou sete membros, e cada equipo realiza a actividade simultaneamente. Un membro de cada equipo co rol de secretario recolle as autobiografías e por quendas as vai lendo en alto. O resto dos membros debe adiviñar de que compañeiro se trata.

Discusión:

Este exercicio axudouvos a coñecervos mellor a vosoutros mesmo e aos vosos compañeiros?
Resultaba difícil descubrir os autores das autobiografías?

Materiais: Folios. Bolígrafos

Tempo: 30 minutos aproximadamente

4 - Encontros

Obxectivos:

- Incrementar o autoconhecimento e o coñecemento dos demais.
- Reflexionar sobre distintos comportamentos asociados ás consignas que se establezan, xeradoras de pracer e despracer.
- Mellorar o autoconceito (variante)

Descrición da actividade:

Entrégase a cada participante medio folio e debe escribir en cinco minutos:

- No ángulo superior esquerdo: unha cousa que o/a faga feliz.
- No ángulo superior dereito: a túa afección favorita.
- No ángulo inferior esquerdo: que é o que máis che gusta atopar nas persoas
- No ángulo inferior dereito: o desexo que pedirías a unha fada neste momento.

Posteriormente, o director de xogo recolle as papeletas e redistribúeas entre outros participantes. Cada xogador recibe unha papeleta (que non debe ser a súa), e desprázase pola aula e vai formulando preguntas aos seus compañeiros ata que atopa o compañeiros que redactou a papeleta. Todos os alumnos/as desprazaranse simultaneamente pola aula, formulando e respondendo a preguntas. Tras identificar o compañeiro, poñen o seu nome no centro da folla.

Notas:

Outras preguntas posibles para realizar o xogo en máis dunha ocasión: que fas o domingo pola tarde, unha cousa boa que che sucedeu fai pouco, unha persoa famosa que che pareza interesante, o teu programa favorito de televisión, o animal no que te converterías para facelo, unha cousa que te faga infeliz, que cousas che parece que fas ben, que cambiarías de ti se fose posible...

Variante:

Para mellorar a autoestima: indicar en cada esquina do folio algo positivo da súa personalidade, aspecto físico, carácter, actividades nas que é bo...

Discusión:

En xeral, que tipo de cousas nos fan felices?. Cales son as nosas afeccións favoritas?. Que cualidades son as que máis nos gusta atopar nas persoas?. Que desexos pedimos?. Como son estes desexos? . Este exercicio axudouvos a coñecer mellor aos vosos compañeiros?

Materiais: Folios. Bolígrafos

Tempo: 50 minutos aproximadamente.

5 - Caricatura

Obxectivos:

- Reflexionar sobre a autoimaxe: Trazos físicos sobresaíntes.
- Estimular o sentido do humor respecto a un mesmo.

Descrición da actividade:

Nun folio, cada participante anota o seu nome, realizando unha caricatura de si mesmo e engadindo un alcume ou alcume. En primeiro lugar debemos definir o concepto “caricatura” (análise de trazos físicos sobresaíntes e esaxeración dos mesmos para conseguir unha imaxe cómica). Nas instrucións débese enfatizar a idea de utilizar o tempo que sexa necesario para realizar ben a caricatura. Despois de debuxala con lapis, poden marcar o contorno con rotulador e coloreala. Posteriormente, expoñen todas as caricaturas sobre unha gran folla de papel de embalar, e todos xuntos as van observando. Ao final da fase de observación, o grupo elixe as tres que resulten máis enxeñosas ou estean mellor realizadas. Se é posible, a elección debe facerse por consenso, e de non ser posible nesta fase inicial do programa, realizar a elección das tres mellores por maioría.

Discusión:

Resulta difícil xogar ridiculizando a imaxe física que temos? Resultou divertido?. Que caricaturas son máis divertidas ou enxeñosas? Que vos parece a caricatura que realizou o voso compañeiro?

Materiais: Folios, lapis, gomas e rotuladores negros, caixas de pinturas de cores e papel de embalar.

Tempo: 45 minutos aproximadamente.

6 – Roles ou papeis na vida

Obxectivos:

19. Tomar conciencia do que persoalmente nos gusta ou nos desgusta.
20. Proxectar no futuro a autoimaxe.
21. Analizar os roles sociais e a súa significación

Descrición da actividade:

Aproximadamente durante dez minutos os participantes saen a pizarra, por quendas, e escriben roles ou papeis de todo xénero (profesor, ladrón, médico, policía, pai, camareiro, labrego,) que se poderían asumir no curso da vida.

Posteriormente, dánse outros dez minutos durante os cales os participantes saen á pizarra e marcan con un punto os roles que desempeñan a gusto.

Nun terceiro momento, e aproximadamente durante outros dez minutos, saen por quendas á pizarra e marcan cunha cruz os roles ou papeis que non lles gustaría desempeñar.

En último lugar analízanse os roles máis valorizados e desvalorizados e os participantes explican as razóns das súas eleccións e rexeitamentos.

O profesor ten que fomentar a participación de todos os membros do grupo nas tres fases da actividade.

Discusión:

A discusión céntrase: 1) na significación dos roles elixidos e rexeitamento (que tarefas implican, que imaxe social ten ese rol, que simboliza...) e 2) nas razóns que induciron ás escollas e os rexeitamentos.

Materiais: A pizarra.

Tempo: 60 minutos

7 – O foco

Obxectivos:

- Crear un clima grupal positivo, de confianza.
- Reforzar o propio coñecemento e o coñecemento dos demais.
- Mellorar o autoconhecimento e o concepto dos demais.

Descrición da actividade:

Divídese a clase en grupos de seis participantes e entregase a cada membro un folio, un bolígrafo e cinco etiquetas adhesivas de gran tamaño sobre as que poderán escribir. A continuación dábanse as seguintes instrucións: “ imos a realizar un sinxelo xogo, o xogo do FOCO. Consiste no seguinte: un calquera dos membros do grupo ofrece como voluntariamente para ser FOCO, e colócase no centro do grupo. Cada un dos demais membros do grupo toma unha etiqueta e escribe nela todas as cousas positivas que poda acerca do compañeiro FOCO. Só se poden escribir cualidades reais, é dicir, que realmente teña o compañeiro. Debedes estar convencidos de que o que escribides é verdade. Antes de empezar reflexionade uns momentos sobre as cualidades do voso compañeiro. Cando todos rematen, cada un verbaliza ao FOCO as cualidades que puxo e entrégalle a etiqueta na que escribiu estes mensaxes. O que está no centro recólleas e pegas no folio. Logo ofrece outro voluntario e repítese o exercicio, ata que pasen todos os membros do grupo. Ao rematar o xogo cada membro do grupo disporá de cinco etiquetas con mensaxes positivas dos compañeiros cara el. Posteriormente, colócanse todos os folios sobre papel de embalar para que poidan ser observados por todos os membros do grupo e ao final iniciase un debate sobre o exercicio realizado.

Notas:

O profesor enfatizará que enumeren cualidades positivas que os compañeiros teñan. Serían frases nulas as que indican cousas que lle gustan ao compañeiros sen máis ou as que non inclúan no seu contido aspectos positivos do outros.

Discusión:

Como resultou este exercicio? ¿ Fácil, difícil, agradable, embarazoso...? Descubristes cualidades nos vosos compañeiros?. Descubristes cualidades en vosoutros mesmos? Custouvos moito atopar cousas positivas que escribir dos vosos compañeiros? Por que? Que característica enunciada polos vosos compañeiros os gustou ou sorprendeu máis? Sentídes dicirvos mellor que antes de facer o xogo? Acostumamos dicir aos demais o positivo ou negativo? Alguén recibiu algún mensaxe negativo? Que tipo de mensaxes positivos se indicaron con maior frecuencia? Cantas mensaxes positivas se estableceron en cada equipo? A que razóns se poden deber as diferencias entre os equipos?

Materiais: Un folio, un bolígrafo e cinco etiquetas adhesivas de gran tamaño por participante.

Tempo: 60 minutos

8 – Espello máxico

Obxectivos:

22. Identificar virtudes ou cualidades persoais a fin de mellorar o autoconcepción, a autoestima e a confianza nun mesmo.
23. Expresión emocional de sentimentos positivos cara a un mesmo.

Descrición da actividade:

En primeiro lugar, organízanse equipos de seis ou sete membros que realizan a actividade simultaneamente. En cada equipo, os participantes deben pórse ante un espello simbólico e pensar tres cualidades que teñan (son responsable, agradable, coidadoso, alegre, pacífico, deportista, servicial, colaborador, libre, independente...) escribíndoas un papel.

Posteriormente, e por quendas, cada participante sae o centro do círculo e o resto dos membros do equipo debe indicar as cualidades positivas que posúa esa persoa. Cando os membros do equipo indicaron cualidades do compañeiro que está no centro, este di si acertaron e en que cualidades. E así sucesivamente repítese o proceso con todos os membros do equipo. Posteriormente ábrese un debate en gran grupo sobre as diferencias entre a autoimaxe e a imaxe que teñen os demais.

Discusión:

Como vos atopastes ante o espello? Como vos sentistes cando os membros do grupo facían comentarios positivos da vosa persoa? Eran congruentes as vosas palabras e a vosa linguaxe non verbal, corporal? Era fácil pensar virtudes dos membros do grupo? E de un mesmo?

Materiais:

Tempo: 45 minutos

MÓDULO II: COMUNICACIÓN INTRAGRUPPO

Este módulo incorpora nove actividades para estimular a comunicación intragrupo e o desenvolvemento de destrezas que melloren a comunicación humana.

- 24. Comunicación e consenso: ¿Que se pode facer para?**
- 25. Viaxe á Antártida**
- 26. Polarización eléctrica**
- 27. Aventura á lúa**
- 28. O impacto: a guerra**
- 29. O impacto: o divorcio**
- 30. Entrevistas**
- 31. Acordos e discrepancias**
- 32. A historia**

Departamento de Orientación – CPI Plurilingüe de Navia de Suarna

9 – Comunicación e consenso. Que se pode facer para ?

Obxectivos:

- Estimular a comunicación intragrupo. Desenvolvemento de hábitos de escoita activa.
- Analizar as dificultades da toma de decisións por consenso.
- Aprender técnicas de resolución de problemas (creatividade)
- Mellora da autoestima, das estratexias cognitivas de interacción social...(variará en función do problema formulado ao grupo)

Descrición da actividade:

Na primeira fase o grupo distribuído en equipos de seis ou sete persoas debate un tema en cuestión. Pódese dar a todos os equipos o mesmo tema de debate, pódese dar a cada equipo un tema distinto ou pódese traballar en dous ou tres temas diferentes cada vez que se formule esta actividade con un grupo. Algúns exemplos de temas que poderían traballarse son:

- Que hai que facer para gañar amigos (estratexias de interacción social)
- Que se pode facer si quero deixar de sentir que son incapaz que non serve, que non me atrevo, que teño moitos fallos (baixa autoestima)
- Que hai que facer para estar contento (estratexias de control emocional)
- Que hai que facer para levarse ben cos demais (estratexias de de ineracción social)
- Que hai que facer par entrar un grupo (estratexias de interacción social)
- Que hai que facer para integrar a un neno novo na aula (relacións de axuda)

En primeiro lugar, cada equipo nomea un secretario, que rexistrará as respostas que vaian enumerando os membros do seu equipo en relación ao problema formulado. Nesta primeira fase débense aceptar sen crítica todas as respostas que emitan os membros do equipo (remuíño de ideas). En segundo lugar, cada equipo debe clarificar as respostas nas que hai consenso, é dicir, as estratexias de resposta á situación na que todos os membros do grupo estean de acordo. Cando non hai consenso e aparecen discrepancias en relación a algunha resposta, os membros do equipo deben verbalizar os distintos argumentos, prolongando a discusión e intentando convencer e chegar a un acordo. Se pasado un tempo perdura a discrepancia, o secretario rexistra as respostas nas que non houbo consenso e os argumentos discrepantes. En terceiro lugar, cada equipo selecciona a forma de responder que considere eficaz para afrontar a situación problema formujlada e a dramatiza para o resto dos seus compañeiros amosando a forma de resolución seleccionada. Despois de que os equipos realicen a dramatización, e en situación de gran grupo, coméntanse as conclusións de cada equipo e ábrese un debate no que se analizan as respostas clarificando cales son as máis eficaces e as máis creativas.

A actividade pódese realizar en varias sesións cambiando as situacións formuladas

Discusión:

Cantas e cales son as respostas de cada equipo nas que non se chegou a consenso e por que? Que dificultades xurdiron para chegar a conclusións por consenso? Escoitabamos cando os compañeiros daban os argumentos para as súas respostas? Que nos aportou a discusión do grupo? Cales serían as formas máis eficaces e creativas á situación problema que traballamos?

Se previamente se realizou algunha actividade na que a toma de decisións se levou a cabo polo procedemento de maioría (viaxe a Antartida, aventura na lúa...), neste debate pódese incluír a comparación das conclusións en ambos modelos de toma de decisións: ¿ que diferencias hai entre chegar a unhas conclusións por consenso e por maioría? (diferencias con ambos procedementos en : tempos de discusión, evidencia das discrepancias individuais, calidade das conclusións, nivel de satisfacción dos membros do grupo...)

Materiais: Folios e bolígrafos, pizarra.

Tempo: 1 hora e media aproximadamente.

10. Viaxe á Antartida

Obxectivos:

- Estimular a comunicación intragrupo.
- Comparar o proceso de comunicación en dous modelos de toma de decisións: consenso e maioría.

Descrición da actividade:

Formúlase ao grupo que vai a realizar unha viaxe á Antartida e nesta viaxe unicamente se poden levar sete cousas ou obxectos persoais. Primeiro, individualmente deben listar todo o que se lles ocorra que poderían levar. Deben expor as ideas sen restricións, sen criticar ningunha idea por extravagante que sexa. Despois fórmanse equipos de cinco ou seis participantes e a tarefa consiste en seleccionar sete obxectos votados por maioría. Para isto lístanse todos os obxectos destacados pola persoas do equipo, eliminando as repeticións, anótanse as frecuencias de aparición de cada obxecto, determinándose os sete máis elixidos polo grupo. Nunha segunda fase, en cada equipo os membros intentan buscar consenso no maior número de obxectos. Cada equipo deberá elixir obxectos que consideren que son de vital importancia. En última lugar, e en gran grupo, coméntanse as eleccións de cada equipo, expoñéndoas as respostas na pizarra e analizando as diferencias intergrupos.

Notas:

O profesor recollerá as producións de cada participante para un análise posteriormente.

Discusión:

Dá a maioría sempre os mesmos resultados? Que diferencias hai entre chegar a unhas conclusións por consenso e por maioría? (diferencias con ambos procedementos en: tempos de discusión, maior evidencia das discrepancias individuais, calidade das conclusións, nivel de satisfacción dos membros do grupo...) A cantos obxectos se chegou a consenso en cada equipo? Que dificultades houbo? Pode equivocarse a maioría?

Materiais: Folios e bolígrafos. pizarra.

Tempo: 60 minutos.

- **Polarización eléctrica**

Obxectivos:

- Promover a comunicación intragrupo. Desenvolvemento de hábitos de escoita activa.
- Recoñecer as nosas percepcións de outros grupos socioculturais (negros, xitanos, marroquís...) e os valores subxacentes.
- Por de manifesto distintas perspectivas de opinión respecto a diferentes temas.
- Clarificar actitudes de discriminación e racistas cara a outros grupos.
- Estimular a reestruturación cognitiva mediante procesos de comunicación.

Definición de conceptos:

Racismo: doutrina que afirma a superioridade dunha raza sobre as demais.

Etnocentrismo: tendencia a considerar as actitudes e valores do propio grupo social como paradigma universal. Tendencia a verbalizar expresións hostís cara unha variedade de grupos étnicos e a ser acriticamente favorables a todo o que proveña dos grupos cos que se identifica o suxeito...; basease na distinción rixida entre o meu grupo e os demais. Prexuízo ou actitude hostil cara os demais grupos e tendencia a favorecer o propio grupo.

Xenofobia: odio ao estranxeiro provocado por unha suxestión de orixe social.

Discriminar: segregar, separar alegando diferencias raciais, sociais, sexuais....

Interdependencia: relacións de dependencia recíproca entre individuos, grupos, nacións...

Descrición da actividade:

En primeiro lugar, delimitase dentro da aula unha parede que representa o “SI” e a oposta, que representará o “NON” . Os xogadores colócanse no centro da aula e o profesor le en voz alta unha afirmación, da unha palmada e todos os do grupo desprázanse e, ou ben se sitúan na parede do “SI” se están de acordo coa afirmación, ou na parede do “NON” se están en contra. Ninguén pode quedarse en medio. Todos teñen que posicionarse. Non importa que non se estea completamente a favor ou en contra. Posteriormente, o profesor pregunta por que se situaron nos respectivos polos. Primeiro ao grupo minoritario, despois aos do maioritario e aos minoritarios alternativamente. Unha vez expostos os principais argumentos, indicase: “ aqueles que estean de acordo con algún argumento dito polo grupo de enfronte poden moverse cara ese lado. Debedes aproximarnos máis ou menos en función do grao no que os argumentos do outro grupo vos convenceron” Posteriormente, os que realicen algún desprazamento explican que argumento lles fixo acercarse á outra postura. Se hai un certo grao de acercamento pódese intentar entre todos chegar a unha frase de consenso en onde todos estarían máis ou menos de acordo.

O profesor debe incidir na sinceridade das respostas. O obxectivo non é xulgar as ideas senón expresar libremente o que pensamos e escoitar os pensamentos dos outros. Inventar outras frases e realizar esta actividade en varias ocasións. Definir antes de enunciar as frases os conceptos implícitos nas mesmas (racismo, discriminación sexual, violencia, pobreza...). Estimular que reflexionen sobre o contido da frase e que se polaricen rapidamente. Antes de considerar si queren desprazarse por efecto dos argumentos dados polo grupo contrario, o profesor pode sintetizar os argumentos expostos nos dous polos, fomentando o cambio ou a aproximación de postura. Podase dar información obxectivo do tema, pero o adulto non debe posicionarse persoalmente no debate; o obxectivo é fomentar a reflexión no grupo en base ás opinións dos membros do mesmo.

Discusión:

Que che aportou a discusión en grupo?. Cambiaches os teus puntos de vista en base os argumentos dados por outros compañeiros? Que imaxe temos dos estranxeiros, marroquís, xitanos...? Por que temos esas imaxes?. Que podemos facer para modificar as imaxes erradas que temos da realidade?Que sentimentos tivemos cara os do outro grupo?

Departamento de Orientación - CPI Plurilingüe de Navia de Suarna

- Polarización eléctrica

Objetivos:

- Promover a comunicación intragrupo. Desenvolvemento de hábitos de escoita activa.
- Recoñecer as nosas percepcións de outros grupos socioculturais (negros, xitanos, marroquís...) e os valores subxacentes.
- Por de manifesto distintas perspectivas de opinión respecto a diferentes temas.
- Clarificar actitudes de discriminación e racistas cara a outros grupos.
- Estimular a reestruturación cognitiva mediante procesos de comunicación.

Materiais: Listado de frases ou afirmacións a considerar ao grupo.

Tempo: 60 – 90 minutos aproximadamente, e en función do número de frases.

12- Aventura na lúa

Obxectivos:

1. Potenciar a comunicación intragrupo.
2. Desenvolvemento de hábitos de escoita activa.
3. Comparar o proceso de comunicación en dous modelos de toma de decisión: consenso e maioría
4. Estimular a reestruturación cognitiva mediante procesos de comunicación.

Descrición da actividade:

Os participantes distribúense en equipos de cinco ou seis persoas. Cada participante recibe a folla de resultados onde se listan materiais para a súa ordenación, primeiro en grupo por maioría e despois en grupo por consenso.

Posteriormente, dábanse as seguintes instrucións de xogo: “imaxinade que estades nunha nave espacial que debería reunirse coa nave nodriza que se atopa na cara iluminada da lúa. Debido a problemas técnicos a vosa nave aterrou a 200 quilómetros da nave nodriza. Durante a aluaxe destruíuse gran parte do equipo da vosa nave. Unicamente quedaron dez obxectos intactos. A vosa supervivencia depende de conseguir chegar a nave nodriza, para o cal só podeis levar o máis imprescindible. A vosa tarefa consiste en clasificar os obxectos por orde de importancia para permitir á tripulación chegar a nave nodriza. Tedes que numeralos con este criterio: así, o 1 será o artigo máis importante e o 10 o de menor importancia.”

En primeiro lugar, realizar o ordenamento individualmente, sen falar con ninguén e razoando estas respostas (dez minutos). En segundo lugar, en pequenos equipos, realizar o ordenamento mediante consenso, intentando poñerse de acordo polo menos nos cinco primeiros obxectos. Deben revisar os artigos e intentar chegar a un ordenamento por consenso dando argumentos para convencer aos outros. Cada equipo intenta chegar ao máximo de artigos ordenados por consenso nun tempo máximo de vinte minutos. Nunha terceira fase, realízase o ordenamento por maioría, para o cal se suma o número de orde de cada obxecto en cada participante, do que resulta a puntuación final de cada obxecto, e posteriormente ordénanse os obxectos en función das puntuacións obtidas.

Finalmente, despois de que cada participante teña na súa folla de respostas as tres clasificacións (individual, consenso, maioría), o profesor informa ao grupo do ordenamento das respostas elaboradas por un equipo de científicos da NASA. De forma individual e en equipos reflexionan sobre os resultados das tres columnas e os resultados dos científicos, tratando de extraer conclusións. Coméntanse os resultados en gran grupo e desenvólvese o debate.

Discusión:

Que diferencias se dan nos catro ordenamentos realizados? Vantaxes de desvantaxes das decisións individuais, por consenso, por maioría (por exemplo, en tempos de execución, en evidencia das discrepancias individuais, en calidade das conclusións, satisfacción dos membros do grupo... en cada tipo de toma de decisións). Número de artigos nos que se chegou a consenso en cada equipo (problemas na toma de decisións: falla de información, bloqueo ante a comunicación do outro...) Foi doado tomar a decisión por consenso? Como se produciu? Que che aportou a discusión en grupo?.

Materiais:

- Folla de respostas, lapis e goma para cada participante.
- Folla de respostas dos científicos da NASA para o profesor

Tempo: 1 hora e 15 minutos aproximadamente.

Departamento de Orientación - CPI Plurilingüe de Navia de Suarna

<i>ARTIGOS</i>	<i>Individual</i>	<i>Consenso</i>	<i>Maioría</i>	<i>NASA</i>
Unha caixa de mistos				
Unha lata de alimento concentrado				
Vinte metros de corda de nailon				
Trinta metros de seda de paracaídas				
Dúas bombonas de osixeno de 50 litros				
Un mapa estelar das constelacións lunares				
Unha brúxula magnética				
Vinte litros de auga				
Un maletín de primeiros auxilios con xiringas para inxeccións				
Un receptor e emisor de FM accionado con enerxía solar.				

Departamento de Orientación - CPI Plurilingüe de Navia de Suarna

Ordenamento dos científicos da NASA (material para o profesor)

<i>ARTIGOS</i>	
Unha caixa de mistos	10. Non hai osixeno
Unha lata de alimento concentrado	4. Non se pode vivir algún tempo sen comida
Vinte metros de corda de nailon	6. Para axudarse en terreno irregular
Trinta metros de seda de paracaídas	8. Carretar, protexerse do sol
Dúas bombonas de osixeno de 50 litros	1. Non hai aire na lúa
Un mapa estelar das constelacións lunares	3. Necesario para orientarse
Unha brúxula magnética	9. Non hai campo magnético terrestre
Vinte litros de auga	2. Non se pode vivir sen auga
Un maletín de primeiros auxilios con xiringas para inxeccións	7. Un botiquín piquiño pode ser de axuda. As agullas son inútiles
Un receptor e emisor de FM accionado con enerxía solar.	5. Para comunicarse coa nave.

13 – O impacto a guerra

Obxectivos:

- Promover a comunicación intragrupo. Desenvolvemento de hábitos de escoita activa.
- Analizar as consecuencias inmediatas e a longo prazo da guerra.
- Clarificar formas de expresión da violencia, causas, consecuencias e mecanismos.

Descrición da actividade:

Divídese o grupo en equipos de seis ou oito participantes. Cada equipo recibe un folio, un lapiseiro, unha goma, un rotulador e un gran folio de papel de embalar onde realizarán a representación gráfica dos resultados da actividade. Distribuídos os equipos e o material, fórmulanse as seguintes instrucións: “ Cada grupo debe facer unha reflexión sobre as consecuencias da guerra. En primeiro lugar, debes pensar en consecuencias primarias ou inmediatas da guerra. Cando teñades o listado destas consecuencias, facede con elas unha representación gráfica. Para isto, no centro do folio debuxase un círculo no que se escribe o suposto sobre o que traballamos, por exemplo a guerra, saíndo deste outros círculos debuxados en forma de primeiro anel nos que se escribirán as consecuencias inmediatas. Posteriormente, pensar que consecuencias a máis longo prazo se derivan de cada unha das consecuencias primarias inmediatas e representalas no gráfico. Agora, dalgúns destes círculos saen outros círculos debuxados en forma de segundo anel, nos que se escribirán as consecuencias derivadas desas consecuencias primarias, e así, sucesivamente, tantos aneis como niveis de consecuencias se detecten.

Cando todos os equipos desenvolvan ao máximo a reflexión sobre o tema e o representaron graficamente, en gran grupo, un representante de cada equipo amosará e comentará aos outros compañeiros a representación realizada. A partir dos resultados obtidos nos distintos equipos artillarase o debate.

Discusión:

O profesor sintetiza as consecuencias máis importantes destacadas, engadindo algunha máis se fora necesario. Pode realizarse diversos comentarios, por exemplo “A guerra é o máximo expoñente da violencia humana. As súas causas acostuman a ser variadas, aínda que as consecuencias acostuman a ser en xeral moi negativas, como xa vimos...” e formular ao grupo diversas preguntas para estimular o diálogo en base a situacións concretas, por exemplo:

33. Formas de expresión da violencia (verbal, física, humillación, discriminación...)

34. Causas da agresividade e a violencia (territorios, relixión, razas...)

35. Formas de controlar a agresividade e de resolver os conflitos humanos de forma non violenta (expresión simbólica, diálogo, negociación...)

Materiais: Folios, lapis, gomas, rotuladores, e folio de papel de embalar.

Tempo: 60 minutos aproximadamente.

14 – O impacto: o divorcio

Obxectivos:

- Promover a comunicación intragrupo: desenvolvemento de hábitos de escoita activa.
- Analizar as consecuencias inmediatas e a longo prazo do divorcio.

Descrición da actividade:

Divídese o grupo en equipos de 6 ou 8 participantes. Cada equipo recibe un folio, un lapiseiro, unha goma, un rotulador e un gran folio de papel de embalar onde realizarán a representación gráfica, planeándose as seguintes instrucións: “ Cada un dos equipos debe facer unha reflexión sobre os efectos das separación dos pais. En primeiro lugar, debes pensar nas consecuencias primarias ou inmediatas do divorcio. Cando teñades o listado destas consecuencias, facede con elas unha representación gráfica. Para isto, no centro do folio débúxanse un círculo no que se escribe o suposto sobre o que traballamos, por exemplo neste caso o divorcio, deste saen outros círculos concéntricos en forma de primeiro anel nos que se escribirán as consecuencias inmediatas. Posteriormente, pensar en que consecuencias a máis longo prazo se derivan de cada unha das consecuencias primarias e inmediatas e representalas no gráfico. Agora, de algúns destes círculos saen outros círculos debuxados en forma de segundo anel, nos que se escribirán as consecuencias derivadas desas consecuencias primarias, e así , sucesivamente, tantos aneis como niveis de consecuencias se detecten.

Cando todos os equipos desenvolveron ao máximo a reflexión sobre o tema e o representaron graficamente en gran grupo, un representante de cada equipo amosará e comentará aos outros compañeiros a representación realizada. A partir dos resultados obtidos nos distintos equipos desenvolverase o debate.

Discusión:

Na fase de debate o profesor sintetiza as consecuencias máis importantes destacadas, engadindo algunha máis se fora necesario. A discusión centrarse nas consecuencias sinaladas polos distintos equipos sobre o tema do divorcio. Outro eixo de reflexión pode xirar en torno ás diversas causas que conducen a esta situación, as vivencias dos fillos e os modos axeitados de afrontamento desta situación por parte das persoas implicadas na mesma.

Materiais: Folios, lapiseiros, gomias, rotuladores e folios de papel de embalar.

Tempo: 60 minutos aproximadamente.

15- A entrevista

Obxectivos:

36. Potenciar a comunicación intragrupo: desenvolvemento de hábitos de escoita activa e análise das condutas que bloquean e obstaculizan a comunicación.
37. Experimentar e comparar vantaxes e limitacións da comunicación unidireccional e da comunicación bidireccional, circular ou con retroalimentación das mensaxes recibidas (feedback)

Descrición da actividade:

En primeiro lugar, divídense as parellas, asinándolles roles de entrevistador e entrevistado que logo se investirán. En segundo lugar, o entrevistado, durante cinco minutos, reflexiona e escribe nun papel unha breve mensaxe (cinco ou dez liñas) no que expresará “ o que lle gusta e lle desgusta do grupo”. Nunha terceira fase, comunica verbalmente a mensaxe ao entrevistador, e este, despois de escoitar ao entrevistado (ao finalizar a recepción de toda a información que lle comunica o entrevistado), redacta a mensaxe recibida sen poder formularlle preguntas nese momento. En último lugar, ambos contrastan a mensaxe redactada e expresada, ao que engadirán ou eliminarán información en función da adecuación entre a mensaxe transmitida e recibida. A información que se engade ou tacha escríbese cun bolígrafo de outra cor, o que permitirá analizar as diferencias de ambos tipos de comunicación na calidade da mensaxe. Nunha segunda fase da actividade cámbianse os roles realizando o mesmo proceso.

Notas:

As parellas deben estar distribuídas na aula a certa distancia de tal modo que cada parella poida realizar a actividade en condicións de concentración.

Variante:

“*O conto*”: Elíxense tres persoas ao chou, ás que denominaremos A, B,e C, que saen da aula onde se atopa o grupo. O profesor narra unha historia ou conto ao resto do grupo. Despois entra na aula A e un dos do grupo cóntalle a historia. Ao finalizar, entra na aula B, e A narra a historia. E en terceiro lugar, entra na aula C, que escoitará a historia narrada por B. Despois das narracións analízase a perda de información e as deformacións sufridas na información durante o proceso de transmisión da mensaxe.

Discusión:

O debate establécese dende tres eixes:

- Análise das dificultades da comunicación unidireccional: ¿Houbo moitas correccións do entrevistado ao entrevistador debido a que a mensaxe enviado e recibido eran moi diferentes? (resaltar as diferencias entre comunicación unidireccional e con retroalimentación). Conclusión: en todo proceso de transmisión dunha mensaxe prodúcese inevitablemente unha redución do contido da comunicación: o que se quere dicir, o que se di; o que se oe, o que se escoita; o que se comprende; o que se reten; o que se reproduce (retroalimentación) vai diminuindo en cada nivel.
- Obxectivos do cambio grupal: ¿Que elementos se destacaron como positivos e negativos deste grupo? ¿Que podemos facer para cambiar os negativos? Isto permite clarificar as imaxes que os membros teñen do grupo e especialmente identificar aspectos negativos que poidan ser incorporados como obxectivos de cambio. Coa finalidade de clarificar os obxectivos de cambio analízanse os contidos das mensaxes redactadas, ou ben lense os produtos das entrevistas, ou ben coméntanse verbalmente en gran grupo o máis significativo que desgusta do grupo.
- Obstáculos para a comunicación: ¿Que condutas favorecen a comunicación e que condutas a bloquean, obstaculizan ou distorsionan? Esta análise pódese levar a cabo coa técnica remuíño de ideas ou tamén o profesor pode ler o listado de condutas que bloquean as boas comunicacións, solicitando que cada un analice individualmente si realiza ou non esas condutas nas súas relacións co demais:
- Observacións rudas e inconsideradas.

Departamento de Orientación – CPI Plurilingüe de Navia de Suarna

- Frases e respostas ásperas.
- Incapacidade para apreciar manifestacións do bo humor nos demais.
- Murmurar, chismorrear
- Recordar constantemente fracasos.
- Fanfarronear
- Actitude burlona
- Falar de forma fría e impersonal
- Expresar sentimentos de hostilidade
- Humor ferinte
- Cortar a unha persoa
- Interromper
- Cambiar de tema constantemente
- Corrixir en público
- Monotonía, ser pesado
- Non mirar ao interlocutor, non prestarlle atención
- Non saber escoitar
- Falla de claridade ou precisión no que se comunica
- Saltar a conclusións antes de tempo
- Falar sen pausas
- Responder a unha pregunta con outra
- ...

Materiais: Dous folios e dous bolígrafos de distinta cor por parella

Tempo: 60 minutos aproximadamente

16 - Acordos e discrepancias

Obxectivos:

- Promover a comunicación intragrupo
- Estimular a reestruturación cognitiva a través de procesos de comunicación baseados na exposición de distintos puntos de vista.
- Analizar as dificultades da toma de decisións por consenso.

Descrición da actividade:

En primeiro lugar establécese un tema concreto para opinar sobre el. O tema pode ser suxerido polo grupo (por exemplo, as relacións sexuais temperás, as drogas, a marea negra, os fracaso escolar...) ou os membros do grupo poden elixir un tema en función dos intereses que teñan nese momento concreto.

En segundo lugar, estrutúranse equipos con cinco ou seis participantes. Cada equipo debe escribir nun folio catro ou cinco afirmacións relativas ao tema que poñan de relevo as súas ideas respecto a este (por exemplo, no tema de inxerir drogas; as drogas producen pracer, as drogas son nocivas para a saúde, non todas as sustancias son igual de nocivas para a saúde, todos os traficantes deberían estar no cárcere...)

Por último, en gran grupo, intégranse as respostas de todos os equipos. O profesor le as afirmacións das follas de resposta do equipos e escríbense no encerado ordenándoas en dúas columnas: afirmacións nas que hai acordo e afirmacións nas que hai desacordo. Para isto, o profesor, mentres le as afirmacións desenvolvidas en torno ao tema, pide ao grupo que indique si está de acordo, iniciándose un debate en torno a estas últimas. En relación ás afirmacións nas que aparecen discrepancias, débátese os argumentos a prol e en contra da afirmación.

Discusión:

A discusións inicialmente céntrase en clarificar as afirmacións nas que hai acordo ou discrepancia e, posteriormente, verbalízanse argumentos a prol e en contra das afirmacións nas que se dan discrepancias, é dicir, non consensuadas.

Materiais: Folios e lapiseiros, encerado

Tempo: 60 minutos aproximadamente

17 - A historia

Obxectivos:

- | | |
|--------------------|--|
| 37.1.
contan ou | Reflexionar sobre a interpretación que facemos de feitos cando nos lemos algo (comunicación, percepcións e xuízos erróneos.) |
| 37.2. | Potenciar a comunicación intragrupo. |

Descrición da actividade:

En 1º lugar, o profesor le detidamente unha historia aos participantes, que deben escoitala atentamente. A lectura realízase dúas veces.

Historia: “ *un home de negocios acababa de apagar as luces da tenda cando un home apareceu e lle pediu cartos. O dono abriu unha caixa rexistradora. O contido da caixa rexistradora foi extraído e o home saíu correndo. Un membro da policía foi avisado rapidamente*”

En 2º lugar, os participantes deben contestar individualmente un cuestionario que se lles entrega e no que aparecen unha serie de afirmacións referidas á historia das que deben indicar se son verdadeiras, falsas ou non saben.

Finalmente, o profesor le en alto as afirmacións e os participante informan sobre as súas respostas a cada unha delas. Despois da exposición das respostas dos membros do grupo, o profesor aporta os argumentos indicados na clave de resposta.

Discusión:

A discusión iníciase cando o profesor le en alto as afirmacións. Os participantes informan sobre as súas respostas a cada unha delas. O profesor pregunta sobre os argumentos polos que emiten esas respostas e finalmente aportan os datos indicados na clave de resposta. Isto pon de relevo que unha descrición dos feitos non é suficiente para emitir un xuízo nin para facer unha interpretación.

Conclusión: as palabras acostuman a encerrar conceptos ou ideas sobre determinadas cousas (home de negocios-dono). É importante reflexionar sobre o que se escoita e o que se interpreta ou deduce das informacións recibidas, xa que pode conducir a xuízos erróneos.

Materiais:

Follas de resposta (unha por participante)

Clave de resposta (para o profesor)

Tempo: 30 minutos

MÓDULO III: Expresión e comprensión de sentimentos

Contén oito actividades que facilitan a identificación e a expresión de sentimentos, así como a análise das causas e consecuencias de variados sentimentos e os mecanismos de resolución adaptativa de sentimentos negativos.

18 - Abanico de sentimentos

19 - A bolsa dos sentimentos

20 - O medo

21 - A ira

22 - Modelos

23 - Frases incompletas

24 - Imaxes

25 - Situacións problema

18 - Abanico de sentimentos

Obxectivos:

- Identificar variados sentimentos a través da expresión corporal (felicidade, cobiza, tristeza...)
- Analizar causas de diversos sentimentos.
- Reflexionar sobre consecuencias e impacto na conduta de diversos sentimentos.
- Expresar emocións a través da dramatización.

Descrición da actividade:

Fase 1: Identificación: coa contribución de todo o grupo, o profesor anota no encerado un listado de sentimentos que os membros enuncian e que el mesmo suxire (alegría - felicidade; sorpresa - asombro; desagrado - noxo; tristeza - desolación; celos - cobiza; vergoña -turbación; indiferenza- aburrimiento...)

Departamento de Orientación - CPI Plurilingüe de Navia de Suarna

Posteriormente, amósase ao grupo diversas láminas ou fotografías nas que se observan caras que teñen distintas expresións emocionais (felicidade, tristeza, cobiza, medo, sorpresa...) e os participantes deben identificar os sentimentos que se expresan nas caras. A lámina preséntase ao grupo, cada participante escribe o sentimento expresado e posteriormente coméntase en alto.

Fase 2: Causas e consecuencias: divídese ao grupo en catro equipos e asígnase a cada equipo un sentimento ou emoción. Cada equipo, en primeiro lugar, debe enumerar causas que ocasionan ese sentimento (non buscar consenso, reflectir todas as respostas que xurdan en cada equipo) e, en segundo lugar, consecuencias que se poden derivar de ter ese sentimento. Posteriormente, en gran grupo, cada equipo expón as súas conclusións sobre causas e consecuencias do sentimento analizado, que se anotan na pizarra, e se abre un debate en base ás ideas expostas.

Fase 3: Expresión: nesta terceira fase os equipos inventan historias breves con principio, desenvolvemento e fin e que inclúan personaxes, algún dos cales teña o sentimento co que traballaron. Estas historias redáctanse sinteticamente mentres o grupo as elabora. Posteriormente, cada equipo dramatizará as historias inventadas, expresando os sentimentos das personaxes moi esaxeradamente. A duración da dramatización oscilará entre cinco e dez minutos.

Esta actividade pode realizarse en diversas ocasións propondo diferentes sentimentos.

Discusión:

Na fase 1, identificación e clarificación das emocións expostas en diversas expresións faciais.

Na fase 2, debate en torno a causas e consecuencias dos sentimentos traballados, así como das situacións que xeran sentimentos positivos e negativos e do modo de resolver eses sentimentos.

Na fase 3, debate sobre as historias inventadas, os sentimentos das súas personaxes e as súas circunstancias internas e externas.

Materiais:

Láminas ou fotografías que amosan caras de persoas con distintas expresións emocionais. Pode seleccionarse calquera imaxe ou fotografía onde se exprese de forma clara unha emoción.

Materiais para a dramatización: bolígrafos, folios, pizarra.

Tempo:

2 horas

19- A bolsa de sentimentos

Obxectivos:

- Estimular a expresión emocional a través das verbalizacións.
- Analizar as consecuencias das emocións.
- Reflexionar sobre formas de resolución axeitadas das diversas emocións.

Descrición da actividade:

Introdúcense nunha bolsa de plástico un conxunto de papeletas, cada unha das cales indica unha emoción. Un membro do grupo escolle ao chou tres papeletas nas que se lle indican tres emocións ou sentimentos. Todos os membros deben escribir unha ocasión na que experimentaron algún deses tres sentimentos. Posteriormente, os membros do grupo expoñen a situación na que viviron os sentimento seleccionado e como reaccionaron nela. Ábrese un debate sobre outras formas posibles de responder a esa situación, adecuadas, asertivas.

Departamento de Orientación - CPI Plurilingüe de Navia de Suarna

Hai que ter en conta os sentimentos abordados en actividades anteriores para eliminalos desta actividade.

Discusión:

O debate céntrase na análise das consecuencias das emocións e das formas axeitadas de respostas.

Materiais:

Bolsa de plástico

Papeletas, en cada unha das cales está escrito un sentimento.

Tempo:

60 minutos

20- O medo

Obxectivos:

Identificar e expresar sentimentos de temor, de medo.

Analizar causas e consecuencias do medo e formas axeitadas de manexar este sentimento.

Fomentar a comunicación intragrupo.

Descrición da actividade:

Nesta actividade lévanse a cabo as seguintes fases: nun primeiro lugar, os participantes, en gran grupo, deben enumerar cousas que lles suscitan medo (vida real, televisión). Todas as respostas vanse recollendo no encerado, e lense, ao rematar esta fase de remuíño de ideas. En segundo lugar, cada participante debuxa nun folio algún acontecemento que o asustara nalgún intre da súa vida, escribindo unha frase debaixo que clarifique o contido do debuxo. Posteriormente, cando todos realizaron o debuxo, tápano, e sucesivamente van amosando e comentando os seus debuxos de grupo. Recoméndase que indiquen o nome no debuxo para analizar máis tarde estes produtos. A continuación, ábrese un debate sobre as reaccións ou condutas que se poden ter ante un temor, é dicir, as consecuencias do medo. E en último lugar, reflexionase sobre formas de responder positivamente ante os medos: que se pode facer co medo?

Os participantes deben estar distribuídos pola aula de forma que poidan realizar o debuxo con concentración.

Discusión:

O debate xira en torno a causas, consecuencias e formas de resolver sentimentos de medo. Algúns elementos conclusivos da actividade poderían ser: recoñecer que todos sentimos diferentes temores sobre as cousas. Algúns temores son racionais e outros irracionais, pero os irracionais son igual de inquietantes. É importante que compartamos os temores, sen xulgalos. Mensaxes como: “ o medo inventa cousas terribles, o medo provócao a nosa imaxinación, a nosa fantasía, a propia inseguridade..., as cousas vémolos peor cando sentimos

medo, temos que animarnos cando sentimos medo...” poden axudar no control desta emoción.

Materiais:

Folios, pinturas, lapis, encerado

Tempo:

60 minutos

21- A ira

Obxectivos:

Identificar e expresar sentimentos de ira, rabia, agresividade.

Analizar causas e consecuencias dos sentimentos agresivos e formas axeitadas de manexar estes sentimentos.

Fomentar a comunicación intragrupo

Descrición da actividade:

Para traballar co sentimento de ira séguese un procedemento similar á actividade anterior, levando a cabo as seguintes fases: en primeiro lugar, en gran grupo enuméranse situacións concretas que xeren ira, rabia, agresividade. Todas as respostas vanse recollendo no encerado, e lense ao finalizar esta fase de remuíño de ideas. En segundo lugar, cada participante debuxa nun folio algún acontecemento que lle suscitara rabia, agresividade, escribindo unha frase debaixo que clarifique o contido do debuxo. Debe referirse a unha situación concreta persoal na que o membro do grupo tivera ese sentimento. Cando todos realizaron o debuxo, tápano e sucesivamente van amosando e comentando os seus debuxos ao grupo. Recomendase que indiquen o nome no debuxo para analizar posteriormente estes produtos. Nun terceiro momento, reflexionase sobre as condutas que se poden derivar deste sentimento, é dicir, consecuencias da ira. En último lugar, selecciónase algunhas das situacións concretas que estimularon ira e os membros do grupo deben enumerar formas de responder ás mesmas. Estimúlase que os participantes enumeren distintas formas de expresar a rabia clarificando formas positivas (non feren ao outro) de manexar estes sentimentos ante cada situación concreta que xerar esta emoción.

Os participantes deben estar distribuídos pola aula de forma que realicen o debuxo concentrado.

Discusión:

O debate xira en torno a causas, consecuencias e formas de resolver sentimentos de rabia. Algúns elementos conclusivos da actividade poderían ser:

- Recoñecer que os sentimentos de rabia se producen en todos os seres humanos.
- Tomar conciencia da importancia de expresar estes sentimentos de forma adaptativa, asertiva, é dicir, facendo valer os propios dereitos pero sen danar a outro. Responder asertivamente é expresar os teus sentimentos sen insultar ou danar ao outro; para elo pódese empregar a fórmula: síntome... porque....

Departamento de Orientación - CPI Plurilingüe de Navia de Suarna

Materiais:

Folios, pinturas, bolígrafos, encerado...

Tempo:

60 minutos

22 Modelos

Obxectivos:

Identificar e expresar variadas emocións: alegría, enfado, dominio, submisión, agresividade, amor, medo, confianza, desconfianza, cobiza, asco, tristeza, tranquilidade, inquietude-nerviosismo, indiferenza, sorpresa, simpatía...

Descrición da actividade:

Fase 1: Expresan corporalmente e indican verbalmente a emoción expresada. Nunha primeira fase, divídese o grupo en equipos de dez xogadores aproximadamente. Todos os membros do equipo colócanse de pé en posición circular. Un tras outro saen ao centro do círculo e expresan corporalmente un sentimento de elección persoal e que anuncian con unha soa palabra (ledicia, enfado, dominio, submisión, agresividade, afecto, medo, confianza, desconfianza...) O resto dos membros do grupo observan ao modelo e tentan reproducir a forma de expresión coa maior fidelidade posible.

Fase 2: Expresan corporalmente e adiviñan a emoción expresada. Posteriormente, reúnen en gran grupo e por quendas os participantes saen ao centro do círculo, expresan un sentimento e os demais compañeiros deben adiviñar o sentimento expresado.

Fase 3: Indícase unha emoción e exprésase espontaneamente. Nun terceiro momento, o profesor indica unha emoción e cada membro do grupo exprésaa ao seu xeito.

Variante: Onde está a túa parella?: O profesor/a asigna a dous rapaces unha emoción sen que ningún coñeza quen é a súa parella. Despois deben desprazarse pola aula, expresar esta emoción e localizar ao compañeiro que expresa a mesma emoción.

Discusión:

Resultaba difícil imitar ao modelo?. Como resultou adiviñar o sentimento a partir da súa expresión corporal? . Costa expresar as emocións co corpo?. Era difícil expresar a emoción e buscar ao compañeiro?

23 - Frases Incompletas

Obxectivos:

Identificar e analizar sentimentos ante distintas situacións de interacción social.
Promover a comunicación intragrupo.
Reflexionar sobre condutas eficaces e adecuadas para afrontar diversas situacións sociais.

Descrición da actividade:

Cada participante recibe unha folla na que parece un grupo de frases que se atopan incompletas. A tarefa consiste en completalas rapidamente co primeiro que se nos veña a cabeza ao lelas. Posteriormente, colócanse no chan da aula varios pregos ou pedazos de papel de embalar, cada un dos cales se encabeza co inicio das frases traballadas (deben ter unha lonxitude suficiente para incluír as respostas de todos os membros do grupo.) A continuación, os participantes escriben nos pedazos de papel as repostas que deron as frases incompletas. Pódese optar polo procedemento dos pregoso de papel ou tamén o profesores pode ler en alto as repostas do grupo verbalmente. En último lugar, cando os pregos de papel están cumprimentados, en situación de gran grupo, o profesor le as repostas dadas polo conxunto do grupo a cada frase e realizase unha síntese conclusiva dos contidos expostos (se o grupo é moi numeroso e se inclúen moitas frases incompletas, para o proceso de análise de resultados pódense seleccionar algunhas frases que teñan contidos máis significativos). É importante que despois de pórse de relevo as emocións dos participantes ante as situacións sociais consideradas se abra un debate sobre as formas de conduta axeitadas para responder a esa situación, por exemplo como dicir non sen ferir ao outro, como consolar a alguén aflixido, como enfrontarse a unha crítica...

Discusión:

A discusión establececese despois de analizar as repostas dadas a cada frase. A síntese conclusiva dos contidos expostos polo grupo será o eixo sobre o que se artellará o diálogo. Despois de analizar os contidos expostos polos membros do grupo a cada situación, emprázase ao grupo a propoñer “ formas eficaces e axeitadas para responder ás situacións sociais consideradas”

Materiais: Frases incompletas e bolígrafos. Pregos de papel de embalar e rotuladores.

Tempo: 60 minutos aproximadamente

- 24- Imaxes

Obxectivos:

- Incrementar o autoconhecimento a través da clarificación dos sentimentos cara un mesmo.
- Reflexionar sobre os sentimentos cara un mesmo e cara os demais na conduta.

Descrición da actividade:

Entrégase aos participantes unha listaxe con 32 sentimentos (16 positivos e 16 negativos) que deben ler e agrupar en tres columnas en función da frecuencia coa que teñen estes sentimentos cara si propios. Posteriormente, noutra folla de rexistro informan sobre a frecuencia coa que teñen eses sentimentos cara aos demais. Por último, individualmente, analizan as súas respostas, clarificando que tipo de sentimentos, en xeral, teñen cara a si propios e cara os demais. Isto poden realizalo levando a cabo un cómputo do número de sentimentos positivos e negativos cos que se describen a si propios e aos demais. Despois da reflexión individual ábrese un debate en base as preguntas suxeridas no apartado da discusión

Nota: Esta actividade pode realizarse en varias ocasións e analizar os cambios na autoimaxe e a imaxe dos demais. Analizar a información significa (sentimentos negativos de alta frecuencia e positivos de baixa frecuencia)

Discusión:

Axudouvos este exercicio a coñecervos mellor a vós mesmos e a clarificar a imaxe que tedes dos demais? En conxunto, son positivos ou negativos los sentimientos cara nós mesmos e cara os demais (relato de número de negativos de alta frecuencia e número de positivos de baixa ou nula frecuencia?. Que consecuencias ten que teñamos sentimentos positivos ou negativos de nós mesmos e dos demais? Que factores e feitos inflúen na imaxe que temos de nós mesmos e dos demais? De onde proceden as imaxes que temos de nós mesmos e dos demais? Os sentimentos que temos, de que forma condicionan ou inflúen na nosa conduta?

Materiais:

Listado de sentimentos. Follas de rexistro 1 e 2 (unha por cada participante)

Tempo: 60 minutos

25. Situacións problema

Obxectivos:

- - Identificar situacións problemáticas para os membros do grupo.
- - Expresión e comprensión de emocións negativas asociadas a situacións concretas.
- - Promover a comunicación intragrupo: desenvolvemento de hábitos de escoita activa.
- - Estimular relacións de axuda.

Departamento de Orientación - CPI Plurilingüe de Navia de Suarna

- - Buscar posibles solucións a situacións problema que provocaran sentimentos negativos: resolución de
- problemas.

Descrición da actividade:

Cada membro do grupo, individualmente e de forma anónima, describe nun anaco de papel “ unha situación-problema de calquera tipo na que tivera un sentimento negativo”. Debe describilo en primeira persoa e en letras maiúsculas xa que facilitan o anonimato do autor.

En segundo lugar, dóbranse os papeis, mestúranse nunha bolsa e redistribúese un papel para cada participante (se lle toca o papel que el escribiu, devólvese á bolsa e colle outro). Cada participante le a papeleta que lle tocou e métese no pelexo da persoa que o escribiu facendo seu o problema. Despois de lelo, dedica un minuto para escribir como cre que podería resolvelo. (escribindoo en primeira persoa). Así, o lector pensa solucións a esa situación como si el estivera implicado na mesma e anótaas no papel. Cando todos teñan escrito as solucións á situación problema considerada na súa papeleta, o primeiro do grupo le en alto o problema cuestionado en primeira persoa e as solucións que pensou. O resto do grupo intentará facer suxestións sobre outras solucións que considere axeitadas. Se aparecen outras formas de abordar a situación, engádense a papeleta. Así, sucesivamente, exprésanse todos os membros do grupo.

Variante:

Todas as situacións-problema introdúcense nunha bolsa, o profesor vai sacando por quendas as papeletas, lee a situación problema seleccionada e, en gran grupo, coméntanse posibles formas de responder a esa situación. Esta variante pode utilizarse cando se dispón de pouco tempo. Así nesta ocasión non se abordan todas as situacións consideradas polos membros do grupo, senón varias situacións elixidas ao chou. O resto de situacións comentarase en posteriores sesións.

Discusión:

Na fase de debate poden abordarse conxuntamente distintas situacións problema consideradas polos membros do grupo que fagan referencia a situacións concretas similares (rivalidade entre irmáns, conflitos de aceptación no grupo de iguais...) Cales foron as situacións-problema cuestionadas? Como nos sentimos ao expoñer o problema do outro?. Como nos sentimos cando outro relato o noso problema? Comprenderon os outros ben o teu problema?. Comprendemos nosoutros ben o problema dos outros? Foron útiles as suxestións dos outros para resolvela situación que estableceu cada un? Son de axuda as opinións e experiencias de outros? Cales son as situacións que se destacaron con maior frecuencia? Que situacións en xeral estimulan sentimentos negativos?

Materiais: Folios e bolígrafos

Tempo: 90 minutos aproximadamente.

MÓDULO IV:Relacións de axuda e cooperación

Neste módulo propóñense dez xogos que estimulan as relacións de axuda e cooperación entre os membros do grupo.

26 - Localización de obxectos

27 - Sopa de letras

28 - Murais

29 - O guión

30 - Liberar ao prisioneiro

31 - Tangram cooperativo

32 - O misterio do secuestro

33 - O aduaneiro

34 - Titular a foto

35 - O fantasma do castelo

26. Localización de obxectos

Obxectivos:

- Estimular relacións de axuda a través de instrucións verbais.
- Potenciar a confianza nos demais.
- Promover a comunicación intragrupo. Desenvolvemento de hábitos de escoita activa.

Descrición da actividade:

O grupo divídese en parellas, representando un o rol de cego e o outro o rol de guía. Colócanse diversos obxectos pola aula (varios por participante). O guía deberá dar instrucións verbais ao cego coa finalidade de que este recolla o maior número de obxectos ciscados pola aula e ten que os ir introducindo nunha bolsa de lixo. Despois de dous minutos de tempo, os cegos abren os ollos e invértense os roles, xogando novamente dous minutos. Con este procedemento realízanse dúas ou tres roldas tomando nota do número de obxectos recollidos por cada parella nos sucesivos xogos.

Nota: se se dispón de pouco espacio, a actividade establecece en dous quendas, dividindo o grupo en dous equipos que xogan sucesivamente.

Variante: Despois de colocar diversos obstáculos polo espazo da aula distribúese aos participantes en parellas: un será o guía e outro o cego. Os guías quédanse inmóbiles na liña de saída e deben dar instrucións verbais aos seus compañeiros cegos para que se orienten polo espacio. Os cegos deben atravesar a aula chegando a unha meta e evitar os obstáculos dispostos seguindo para isto as instrucións que dan os respectivos guías. Despois cambian os roles.

Discusión:

Resultaba difícil axudar ao compañeiro transmitíndolle instrucións verbais?. En ocasións, resultaba

Departamento de Orientación – CPI Dr Daniel Monje – Navia de Suarna

difícil seguir as instrucións verbais que nos daban?. Cantos obxectos? Como nos sentíamos no rol de cego?

Materiais: varios obxectos por participante (tacos de madeira, bolígrafos, pelotas, telas, paus, bolos, libros...) e unha bolsa de lixo por parella.

Tempo: 60 minutos aproximadamente.

27- Sopa de letras

Obxectivos:

Estimular relacións de axuda e cooperación intragrupo con competición intergrupos.
Potenciar o sentimento de aceptación e pertenza, xa que a participación de todos é necesaria para a realización da actividade.
Fomentar a cohesión grupal.

Descrición da actividade:

Divídese o grupo en dous equipos, cada un dos cales ten distribuído un xogo de tarxetas con todas as letras do alfabeto (cada tarxeta unha letra alfabética, dependendo do número de participantes que configuren o equipo, cada participante recibirá unha ou dúas tarxetas) . Cada equipo sitúase a un lado do profesor. Este indicará palabras e cada equipo, a maior velocidade, debe formar a palabra ordenándose os xogadores que portan as tarxetas coas letras que as compoñen. Deben construír a palabra e situarse fronte aos compañeiros do seu equipo. O equipo que antes forme a palabra enunciada gaña cinco puntos. O xogo conclúese cando todos os participantes saíron polo menos unha vez ao centro para construír algunha palabra.

Lista de palabras: hombre, perdiz, reloj, virus, muñeca, mano, afino, lluvia, queso, gamo, joya, oxidar, whisky, don (estas palabras permiten que todos os participantes colaboren en algún momento dado que inclúe todas as letras do alfabeto) Outras palabras para seguir xogando: escribano, patrón, pulsera, listo, íntegro, hambre, mezclar, mixto, jamón, lejano, pintura, Platón, casero, besar, nadie, Genaro

Discusión:

Resultou divertida a actividade?. Foi doado cooperar cos do propio equipo?. Daba a motivación ao xogo o feito de competir con outro equipo?. Que sentimentos se teñen cando se gaña e cando se perde?

Materiais: dous xogos de tarxetas coas letras do abecedario respectivamente

Tempo: 60 minutos aproximadamente

28 - Murais

Obxectivos:

- Potenciar as relacións de axuda e cooperación intragrupo.
- Promover a capacidade de observación e reflexión sobre condutas prosociais.
- Estimular o sentimento de aceptación e pertenza

Descrición da actividade:

Fórmanse equipos de cinco seis participantes. Cada equipo debe realizar cooperativamente murais con recortes de revistas, seleccionando imaxes que representen persoas axudándose, grupos traballando cooperativamente ou situacións de persoas que demostren interese por outras cousas. Primeiro deben seleccionar as láminas, fotos ou elementos que utilizarán. Máis tarde, téñense que por de acordo respecto á organización das imaxes ou elementos seleccionados para pegalas á cartolina ou cartolinas que se utilizan como base do mural. Por último, poñen os títulos ás fotografías pegadas e un título global ao mural no seu conxunto.

Cando todos os murais foron realizados, os equipos desprázanse para observar os murais do resto dos compañeiros. Cada equipo deberá describir o seu mural comentando o proceso de organización seguido para a súa realización.

Nota: o material de traballo que se entregue condiciona a produción, polo que se recomenda seleccionar revistas ou periódicos que teñan fotos que posibiliten elixir diversas situacións de axuda e colaboración.

Discusión:

Preguntas referidas ao proceso de cooperación: como foi o proceso de realización da actividade?. Houbo algunha dificultade?. Como se resolveu?. Estadese satisfeitos co mural que realizastes?. Contribuístes todos ou alguén non participou na realización do mural? ¿Foi doado poñerse de acordo cos demais?

Preguntas referidas ao produto: que teñen en común estas situacións?. Que as diferencia das situacións competitivas?. Como se senten os que axudan?. E os axudados?. Que dificultades hai para traballar en cooperación?. Como se poden resolver?

Materiais:

Cartolinas brancas, revistas, fotografías, xornais, tesoiras, cola, pinturas, rotuladores e outros materiais que se queiran incorporar.

Tempo: 60 minutos aproximadamente

29- O guión

Obxectivos:

1. Estimular as relacións de axuda e cooperación.
2. Potenciar a comunicación intragrupo: desenvolvemento de escoita activa.
3. Potenciar o sentimento de aceptación e pertenza.
4. Expresar emocións a través da dramatización.

Descrición da actividade:

Nun primeiro momento fórmanse equipos de seis ou sete participantes a cada un dos cales se entrega unha fotografía diferente. A partir dunha foto suxestiva, cada equipo debe construír unha historia con principio, desenvolvemento e fin. Esta construción debe ser cooperativa, é dicir, todos os membros deben aportar algo á historia narrada. A contribución de cada membro do equipo pode realizarse de forma arbitraria ou regulada de tal modo que cada membro engada información de forma ordenada, é dicir, por quendas. As historias son rexistradas textualmente por un secretario de cada equipo. Posteriormente os equipos dramatizan as historias elaboradas. En último lugar, cada equipo amosa a súa imaxe, narra a historia que realizou e inicia o debate.

O profesor debe seleccionar as fotografías en función dos contidos que se queiran traballar co grupo. Neste programa recoméndase a selección de imaxes que poñan de releve situacións de marxinación, discriminación, dano ambiental, racismo... . Subliñar a importancia de redactar unha boa historia antes de levar a cabo a dramatización. En función das fotografías que se oferten pódese traballar os temas propostos ou outros que nese momento sexan de interese para o grupo (sexo, familia, drogas, amigos...)

Discusión:

Colaborastes todos?. Que vos pareceron as historias dos vosos compañeiros?. Escoitástesvos mutuamente?. Son coherentes as historias que realizastes, tanto como se a fixera unha soa persoa?. Houbo algún problema?. Cales?. Como se resolveron? O debate pódese abrir en torno aos temas que se poñan de releve nas diversas historias elaboradas polo equipo.

Materiais:

Varias fotografías (unha por equipo). Folios, bolígrafos, materiais para a dramatización.

Tempo: 1 hora e 30 minutos aproximadamente

30 - Liberar ao prisioneiro

Obxectivos:

- - Estimular relacións de axuda e desenvolvemento de estratexias para a cooperación.
- - Potenciar o sentimento de aceptación e pertenza.

Descrición da actividade:

Un dos participantes elixido ao azar representa ao prisioneiro. O prisioneiro está amarrado a unha cadeira (con un pano que se solte con facilidade) que se atope no centro dun círculo amplo. Coloca as súas mans na cabeza e non as pode utilizar para liberarse. Tampouco pode levantar coa cadeira e saír do círculo.

Os demais xogadores son os liberadores, levan a man atada as costas e na súa cintura colgando un pano que representa a súa vida. Si o carceleiro lle quita o pano, o liberador morre. Os liberadores non poden agarrar nin golpear ao carceleiro, só poden empuxalo. O carceleiro (rol rotativo) debe evitar que liberen ao prisioneiro e intenta quitar os panos aos liberadores sen saír do círculo.

Se os liberadores conseguen liberar ao prisioneiro, cambian os roles, elíxese ao azar con carcereiros e realízanse varias roldas.

Discusión:

Como se conseguiu liberar aos prisioneiros?. Que estratexias foron máis válidas?. Cantos morreron intentando axudar a liberar ao prisioneiro?. Era fácil arriscarse para axudar? O debate pode articularse en torno á comparación do éxito na liberación do prisioneiro co procedemento (individual ou en cooperación) utilizado polos liberadores en cada rolda.

Materiais: Panos (un por participante). Unha cadeira, un xiz para marcar o círculo e un pano grande para atar ao prisioneiro.

Tempo: 60 minutos aproximadamente.

31- Tangram cooperativo

Obxectivos:

- Potenciar as relacións de axuda e cooperación
- Promover a comunicación intragrupo para a toma de decisións por consenso.
- Estimular o sentimento de aceptación e pertenza
- Fomentar o desenvolvemento do pensamento creativo

Descrición da actividade:

Nesta actividade divídese o grupo en equipos de catro participantes. Cada equipo recibe un xogo de Tangram distribuíndo igualitariamente sete pezas a cada membro. A tarefa consiste en realizar figuras combinando as pezas de todos os xogadores e sen que sobre ningunha peza. Na primeira rolda, pódese dar a cada equipo unha figura modelo a realizar. Nunha segunda rolda pódese solicitar que os xogadores se comuniquen para decidir que figura ou figuras se van a realizar e acorden o procedemento para levalas a cabo coa cooperación de todos os xogadores. A decisión sobre a figura a realizar e o procedemento a seguir debe acordarse por consenso. Despois de 30-40 minutos dedicados á realización cooperativa de figuras, cada equipo observa as producións dos outros compañeiros e ábrese un debate.

Discusión:

Todos participastes na decisión da figura a realizar?. Que vos aportou a comunicación dentro do grupo?. Que procedementos seguistes para realizar o xogo (colocación de pezas por orde, de forma arbitraria...)? Todos cooperastes para realizar a figura?. Houbo dificultades no grupo (alguén pretendía impor as súas ideas ao grupo...)? Cales ?. Como se resolveron as diferencias?

Materiais: un xogo de Tangram por cada catro participantes (en total 28 pezas)

Tempo: 60 minutos.

32 - O misterio do secuestro

Obxectivos:

1. Estimular relacións de axuda e cooperación intragrupo.
2. Favorecer a comunicación intragrupo: Desenvolvemento de hábitos de escoita activa.
3. Potenciar a integración grupal: animar á contribución de todos.
4. Estructurar situacións que implican responsabilidade grupal.
5. Promover o sentimento de aceptación e pertenza.
6. Fomentar o razoamento lóxico verbal.

Descrición da actividade:

No xogo se dan as seguintes instrucións de xogo: “*Un avión que voaba de París a Bilbao foi secuestrado. O xogo consiste en atopar entre os sospeitosos quen é con maior probabilidade o secuestrador*”. Para elo, cada xogador do grupo recibe unha nota informativa (unha tarxeta con información parcial) que pode ou non ser útil para descubrir ao secuestrador do avión. O xogo consiste en analizar a información recibida e chegar xuntos á resposta correcta. Os xogadores poden discutir a información recibida pero non poden ensinar ou entregar a tarxeta aos compañeiros do grupo. Non ver a tarxeta do outro é unha norma importante a seguir en este xogo. Cada participante debe dar la información verbalmente cando o desexe ou cando o soliciten os demais. O grupo pode elixir distintas formas de organizarse, pode solicitar que un compañeiro faga de secretario para anotar as conclusións do grupo e os seus razoamentos, pero en ningún caso se pode dar a tarxeta informativa a outro compañeiro. Cada participante deberá ter unha parte da información referida a este misterio que deben descubrir cooperativamente.

O xogo se componse de 13 pistas informativas, distribuíndose unha tarxeta por xogador en función do tamaño do grupo. Con grupos de 30 xogadores formar tres equipos. As pistas que deben aparecer en cada tarxeta descríbese no apartado “ Pistas informativas do xogo o misterio do secuestro”

Notas:

Posto que o xogo ten un alto nivel de dificultade , nesta idades resulta adecuado suxerir algúns aspectos do procedemento despois de que os equipos realicen unha primeira lectura de todas as pistas (por exemplo, ter claro os nomes das personaxes, ir descartándoos en función das pistas informativas dos membros do grupo, elixir un secretario...) No obstante, resulta axeitado deixar que durante un tempo os membros do grupo afronten a tarefa cos seus propios recursos. Se despois dun tempo se observan bloqueos fortes na comunicación dos equipos, pódense dar pistas organizativas que lles faciliten estruturar os procedementos implícitos na tarefa de forma adecuada.

Discusión:

O diálogo establece en torno a organización e análise do que fixeron para compartir a información: Como se organizou o grupo?. Cal foi a capacidade de escoita dos membros do grupo?. Como se evitou que falaran todos a un tempo?. Xurdiu algún líder?. Houbo problemas porque alguén non participou nas pistas?. Ignoráronse as pistas de alguén?. Déronse solucións erróneas porque non se tiveron en conta todas as pistas?. Algún membro do grupo invitou a falar a aqueles que participaban pouco? ¿Atendéronse todas as pistas dos demais ou cada un estaba centrado nas súas?

Materiais: un xogo de tarxetas cada 13 participantes. Folios e bolígrafos.

Tempo: 60 minutos.

O misterio do secuestro: pistas informativas

- O avión foi obrigado a voar sobre a illa Fayal (Azores), onde o secuestrador se tirou en paracaídas durante a noite.
- Bárbara Bans e a súa secretaria chegaron a illa, por barco, dende as Canarias.
- Matilde Marcos chegou por primeira vez a illa o 16 de agosto.
- O secuestrador ten o pelo marrón claro e os ollos azuis.
- Elisa López é unha arqueóloga que realiza escavacións na illa.
- Ana Martín demostra un gran interese polo festivais relixiosos das illas Azores.
- A policía atopou a Elisa López desenredando un paracaídas dunha árbore.
- Matilde Marcos é a secretaria de Bárbara Vans.
- A Bárbara Bans búscaselle en Francia pola venta de 50 kg de marihuana.
- O avión foi secuestrado a tarde do 14 de agosto
- Dous días despois do secuestro a policía de Fayal arrestou a catro mulleres que respondían á descrición feita polo secuestrador.
- A arqueóloga ten o pelo negro e ollos marróns.
- O secuestrador escapou dun hospital mental en Francia.

--

Departamento de Orientación – CPI Dr Daniel Monje – Navia de Suarna

Razoamentos para a resposta correcta para o profesor

Resposta correcta: Ana Martín (por racionamento lóxico) (Secuestrador: pelo marrón claro e ollos azuis. Chega a illa o 14 de agosto)

Razóns de eliminación do sospeitosos:

Bárbara Bans chega o día 16 en barco.

Matilde Marcos (secretaria de Bárbara Bans) chega o 16 en barco

Elisa López (arqueóloga). Ten o pelo negro e os ollos marróns.

33 - O aduaneiro

Obxectivos:

- Estimular relacións de axuda e cooperación intragrupo.
- Favorecer a comunicación intragrupo: desenvolvemento de hábitos de escoita activa.
- Potenciar a integración grupal: animar a contribución de todos
- Estructurar situacións que implican responsabilidade grupal.
- Promover o sentimento de aceptación e pertenza.
- Razoamentos lóxico - verbal.

Descrición da actividade:

No xogo dábanse as seguintes instrucións :” Un aduaneiro está rexistrando, un tras outro, catro coches que están cruzando a fronteira. Hai un só pasaxeiro en cada coche e segundo indica o pasaporte de cada un deles son de idade diferente e de distinta cor de ollos. A pregunta que tedes que responder como grupo, a partir das tarxetas que se vos dan como pistas a cada un, son as seguintes.

- que idade ten o xoieiro?
- que profesión ten o sueco?
- de que cor son os ollos do home que mide 1,83 metros de alto?

Para isto, cada xogador do grupo recibe unha tarxeta con información parcial que pode ou non ser útil para responder as preguntas. O xogo consiste en analizar a información recibida e chegar xuntos á resposta correcta. Os xogadores poden discutir a información recibida pero no poden ensinar ou entregar a tarxeta aos compañeiros do grupo. Cada participante debe dar a información verbalmente cando o desexou cando se llo soliciten os demais. O grupo pode elixir distintas formas de organizarse pode solicitar que un compañeiro faga de secretario para anotar as conclusións do grupo e os seus razoamentos, pero en ningún caso se pode dar a tarxeta informativa a outros compañeiros.

O profesor entregará un cadro esquema baleiro para facilitar a integración dos datos. Enfatizar o respecto pola regra básica do xogo que consiste en aportar información ao grupo unicamente de forma verbal, xa que non se debe ensinar ou entregar a tarxeta a outro compañeiro.

Discusión:

O diálogo estableceuse en torno a organización e análise do que fixeron para compartir a información: como se organizou o grupo?. Cal foi a capacidade de escoita dos membros do grupo?. Como se evitou que falaran todos a un tempo?. Xurdiu algún líder?. Houbo problemas porque alguén non participou nas pistas?. Ignoráronse pista de alguén?. Déronse solucións erróneas porque non se tiveron en conta todas as pistas?. Algún membro do grupo invitou a falar a aqueles que participaban pouco?. Atendéronse as pistas dos demais ou cada un estaba centrado nas súas?

Materiais: un xogo de tarxetas cada 11 participantes. Folios e bolígrafos. Cadro esquema para a integración de datos (un por equipo)

Tempo: 60 minutos aproximadamente.

O aduaneiro pistas informativas

- Un dos catros turistas ten 51 anos e pasa a fronteira inmediatamente despois do turista que mide 1.64.

- O finlandés ten 29 anos e cruza a fronteira o último

- O francés para a fronteira inmediatamente antes que o electricista de ollos castaños.

- O confeccionador é o terceiro en cruzar a fronteira e mide 1,71

- O turista inglés pasa a aduana inmediatamente despois do artista.

- O artista ten 37 anos e ollos azuis.

- O condutor de ollos grises mide 1,79 metros e pasa a fronteira inmediatamente despois que o artista.

- A profesión do finlandés é electricista.

- O home que ten 43 anos mide 1,71 metros

- O condutor de ollos verdes pasa a aduana inmediatamente despois que o inglés.

- O turista que mide 1,64 metros cruza a fronteira o primeiro e é artista

Cadro esquema de resultados para o profesor

	1	2	3	4
Profesión	Artista	Xoieiro	Confeccionador	Electricista
Idade	37	51	43	29
Nacionalidade	Sueco	Inglés	Francés	Finlandés
Ollos	Azuis	Grisés	Verdes	Castaños
Altura	1,64	1,79	1,71	1,83

Cadro esquema para a integración dos datos (equipos)

	1	2	3	4
Profesión				
Idade				
Nacionalidade				
Ollos				
Altura				

- **34- Titular a foto**

Obxectivos:

- Promover a comunicación intragrupo. Desenvolvemento de hábitos de escoita activa.
- Potenciar procesos de comunicación e de reestruturación cognitiva.
- Estimular as relacións de cooperación intragrupo.
- Fomentar a toma de decisións por consenso.
- Favorecer a creatividade verbal.

Descrición da actividade:

Divídese ao grupo en equipos, de cinco ou seis participantes, a cada un dos cales se lles entrega a mesma foto. A tarefa de cada equipo consiste en por un título á foto que recibiron. Para isto, en primeiro lugar, os membros do equipo indican os títulos que lles suxire a foto e un secretario os transcribe a un papel. En segundo lugar, deben elixir un título por consenso, ben seleccionando unha das ideas aparecidas, ben elaborando outro título novo mediante a integración das achegas de todos os membros do equipo. Teñen que tratar de propor un título que sexa elixido co consenso de todos os membros, pero si pasado un tempo non o conseguen, o profesor indica que realicen a elección por maioría (votando os títulos propostos). Posteriormente, todos se reúnen en gran grupo, e cada secretario indica o título que decidiron no seu equipo. Así mesmo, informa dos outros títulos considerados, do proceso que seguiron para realizar a tarefa e se a decisión se tomou por consenso ou por maioría. Mentres os secretarios informan, o profesor anota na pizarra o título elixido por cada equipo. En último lugar, e partindo dos títulos anotados na pizarra, poñen un título final consensuado por todos os membros do grupo. Se se deran grandes discrepancias, pódese elixir o título por maioría (votando os títulos anotados na pizarra). Posteriormente, iniciase o debate.

A partir das ideas xurdidas polos equipos, pódese integrar e propor un ou dous títulos para ser considerados polo grupo.

Discusión:

Todos contribuístes á actividade?.Foi doado tomar a decisión en cada equipo?. Impúxose a idea de algún compoñente ou púxose o título coa participación de todos?, ¿O título que se consensuou parécenos ben a todos?¿Que aportou a discusión en grupo? Vantaxes de desvantaxes das decisións por consenso e por maioría (tempos de execución, evidencia das discrepancias individuais, calidade das conclusións, satisfacción dos membros do grupo...)

Materiais: Varias fotografías, imaxes ou debuxos idénticos (unha por equipo) (de calquera tema) ver os exemplos das fotografías.

Tempo: 30 minutos

35 - A pantasma do castelo

Obxectivos:

1. Favorecer a comunicación intragrupo. Desenvolvemento de hábitos de escoita activa.
2. Potenciar a integración grupal: animar á contribución de todos (relacións de axuda e cooperación intragrupo)

Descrición da actividade:

Divídese o grupo en pequenos equipos de seis ou sete membros. Cada membro recibe unha folla informativa na que se establece o problema a descubrir e unha tarxeta na que aparece unha das cinco pistas que poden conducir á resolución. Os compoñentes de cada equipo deberán compartir verbalmente a información recibida para chegar a unha resolución do problema, elaborada en cooperación e co consenso de todo o equipo.

A situación que se suxire na folla informativa é a seguinte:

“Nun castelo encantado viven seis personaxes: o rei, a reina, a princesa, o príncipe, a dama da princesa e unha pantasma que se come a todo aquel a quen ataca.

Os habitantes do castelo poden estar nese momento xuntos ou separados en un destes lugares: a amea, a ventá alta, a ventá baixa, a porta.

Temos moita présa en localizalos para avisalos de onde está a pantasma. O único que nos pode dar pistas é o bufón do rei, que como home astuto fuxiu do castelo. Sen embargo, non debe ter moita simpatía polos habitantes do castelo, posto que a pesar da urxencia da situación deunos a información en clave. As frases que están nas fichas informativas (tarxetas) son as respostas do bufón ás nosas preguntas. Cada un de vosoutros tedes unha parte da información que debedes compartir cos demais membros do equipo para deducir, o máis rapidamente posible, onde se atopa a pantasma para avisar aos do castelo.

Pistas informativas. Cada frase escríbese nunha tarxeta e distribúese entre os cinco membros de equipo.

- A pantasma celebrou a lúa tragando un rato; e neste momento dorme máis arriba que o rei.
- O príncipe está entre a dama e a raíña; non se sabe que fai coa princesa.
- O rei está entre a pantasma e a princesa.
- A dama está máis abaixo que a princesa
- O rei e a raíña están xuntos estudando inglés.

Resultados:

- A pantasma está na amea.
- O rei e a raíña están no segundo piso.
- O príncipe e a princesa están no primeiro piso.
- A dama está na porta

Discusión:

Participastes na resolución definitiva do voso equipo?. Resultou doado realizalo en equipo? Cando houbo discrepancias, dábanse argumentos dende as diversas posicións tratando de convencer ao outro?. Foi doado chegar a unha decisión por consenso?Que problemas houbo en cada grupo? Como se resolveron?Que dificultou chegar a solución? Que aportou a discusión en grupo?

Materiais:

Unha folla informativa por participante e outra por equipo

Tempo: 30 minutos

A pantasma do castelo. Folla informativa

No castelo encantado viven seis personaxes:

3. O rei
4. A raíña
5. A princesa
6. O príncipe
7. A dama da princesa
8. Unha pantasma que come a todo aquel a quen ataca.

Os habitantes do castelo poden estar nese momento xuntos ou separados nun destes lugares.

- A ameia
- A ventá alta
- A ventá baixa
- A porta

Temos presa por localizalos para avisalos de onde está a pantasma. O único que nos pode dar pistas é o bufón do rei, que como home astuto fuxiu do castelo. Porén, non debe ter moita simpatía polos habitantes do castelo, posto que a pesar da urxencia da situación deunos unha información en clave. As frases que aparecen nas voas tarxetas son as respostas do bufón as nosas preguntas. Con esta información teremos que deducir, o máis rapidamente que poidamos, onde se atopa a pantasma para avisar so do castelo.

MÓDULO V: Percepcións e estereotipos

Neste módulo inclúense oito actividades que favorecen a identificación de percepcións e estereotipos, o contraste coas percepcións dos demais e a reflexión sobre o impacto da percepción na conduta.

36 - Percepcións gráficas.

37- Información e clixés

38- Ideas e prexuízos

39- Feitos e opinións

40- Periodismo crítico

41- Imaxes doutros pobos

42- Asociación de palabras

43- A inmobiliaria

36- Percepcións e estereotipos

Obxectivos:

- Experimentar as limitacións fisiolóxicas e psicolóxicas da capacidade de percepción (a percepción e a observación dependen de factores subxectivos)
- Ampliar e flexibilizar os puntos de vista propios, apertura a outras posibles percepcións, explicacións ou puntos de vista sobre un mesmo feito.
- Estimular a flexibilidade perceptiva facilitadora do pensamento creativo.

Descrición da actividade:

Repártese unha lámina da imaxe da dama a cada participante. A tarefa consiste en observar individualmente a imaxe durante tres minutos e indicar: 1) a idade da dama, e dúas ou tres elementos ou características sobresalientes ou que parezan fundamentais da imaxe. Posteriormente, en gran grupo, ábrese un debate onde se expoñen e sintetizan as distintas percepcións recollidas (idade da dama e tres características relevantes) A exposición das respostas individuais poñerá de releve a diversidade perceptiva fronte a un mesmo estímulo, o que evidenciará a conclusión da actividade, é dicir, a subxectividade da percepción e a importancia de ser flexibles ante a mesma.

Despois de levar a cabo a discusión en base a imaxe da dama, distribúese outra lámina con imaxes de ilusións ópticas (Ilusión de Müller-Lyer, Ilusión de Círculos de de Ebbinghaus, Cubo de Necker. Copa de Rubin). Sucesivamente obsérvanse as cinco imaxes e pregúntase aos participantes sobre a percepción que teñen delas: lonxitude da liñas de Müller-Lyer, tamaño dos círculos centrais de Ebbinghaus, orientación do cubo de Necker, imaxe da copa de Rubin, direccións das espirais.

Discusión:

Ábrese un debate, integrando e sintetizando as distintas percepcións dos membros do grupo en

Departamento de Orientación – CPI Dr Daniel Monje – Navia de Suarna

relación á idade da dama e a tres das súas características relevantes. Conclusión: fronte a un mesmo estímulo podemos ter distintas percepcións. Os xogos de ilusións ópticas poden ser apropiadas para demostrar a relatividade, a subxectividade da percepción. As experiencias previas inflúen na forma de percibir as situacións actuais. Ser conscientes de que a nosa percepción inflúe no noso comportamento e este condiciona o comportamento dos demais. Outros exemplos: cebra negra con raias brancas ou branca con raias negras; botella semi baleira ou semi chea...

Materiais:

Dúas láminas por participante (Dama e Ilusións ópticas...)

Tempo: 45 minutos aproximadamente



37- Información e clixés

Obxectivos:

- Poñer de relevo que a información dispoñible, sempre parcial, condiciona as percepción e os xuízos que facemos sobre a realidade.
- Clarificar o concepto de clixé ou estereotipo, evidenciando a tendencia á construción de clixés erróneos sobre a realidade configurados con escasa información.
- Fomentar a flexibilidade fronte ás propias ideas.

Descrición da actividade:

Cada participante recibe unha folla na que se aportan datos biográficos de dous nenos. Solicítase que de forma individual lean a información, respondendo a tres preguntas en relación a cada un deles: 1) se estes nenos estiveran na túa clase, que pensarías deles, 2) se estes nenos estiveran na túa clase, como cres que te comportarías con eles e 3) como cres que serán dentro de cinco anos.

Posteriormente, o profesor, sen emitir ningún xuízo de valor, vai preguntando aos membros do grupo, que informan das súas respostas en relación aos tres interrogantes considerados en cada caso. Cando se leron todas as respostas, sintetízanse os resultados e ábrese un debate sobre os mesmos: ¿ Que pensades sobre as respostas que se deron?. Transcorrido un tempo de debate, o profesor informa ao grupo dos nomes das persoas dos que se leron os datos biográficos (Einstein e Edison). En último lugar, pregúntase que pensan agora, que poderían concluír con todo o comentado no debate e, con este dato novo, sobre a identidade destes nenos.

Discusión:

O primeiro debate xira en torno as respostas dadas polos membros do grupo ás tres preguntas formuladas. Analízanse as respostas, sintetizando ao final as opinións do grupo. Despois de aportar información sobre a identidade das personaxes, ábrese un novo debate e, con este dato novo, sobre a identidade destes nenos.

Conclusións: A información que temos da realidade é parcial. Evitar formar rápidos clixés. Considerar os sesgos da información dispoñible sendo reflexivos fronte a ela. Respecto polas diferencias (pese as diferenzas, todos os humanos participamos das mesmas preocupacións e desexos básicos).

Materiais:

Folla de resposta para cada participante. Pizarra

Tempo: 60 minutos aproximadamente


Departamento de Orientación – CPI Plurilingüe de Navia de Suarna

37-Información e clixés: folla de resposta . Historia 2

É un pequeno de seis anos. Tivo a cabeza avultada ao nacer. Crese que tivo meninxite. Tres irmáns seus morreron antes que el nacera. A súa nai non está de acordo cos seus parentes e veciños, que lle din que o seu fillo é subnormal. Desde que principio a escolaridade os seus mestres cren que ten unha enfermidade mental. Súa nai enfádase, saca ao neno da escola e decide ensinarlle ela propia.

Se este neno estiver na túa clase, que pensarías del?

Se este neno estiver na túa clase, como cres que te comportarías con el?



BIOGRAFÍA DE EINSTEIN

Albert Einstein, nado en Ulm o 14 de marzo de 1879 e falecido en Princeton o 18 de abril de 1955, foi un físico e matemático alemán de nacemento[3] recoñecido internacionalmente por propor a teoría da relatividade.

Fixo outras importantes contribucións ó desenvolvemento da mecánica cuántica, mecánica estatística e cosmoloxía, á parte doutras áreas, considerado o físico máis importante do século XX. Recibiu o Premio Nobel de Física no 1921 pola súa explicación do efecto fotoeléctrico e "polo seu servizo á Física teórica"[4] mais o anuncio da concesión non se fixo ata un ano despois, en 1922. Einstein escribiu toda a súa obra científica en alemán, aínda que nalgúns casos a lingua de publicación foi o inglés.[5]

Na súa honra, foi nomeada unha unidade empregada en fotoquímica. Un einstein é equivalente ó número de Avogadro de veces a enerxía dun fotón de luz. Asemade leva o seu nome o elemento químico Einsteinio.

BIOGRAFÍA DE THOMAS EDISON http://es.wikipedia.org/wiki/Thomas_Alva_Edison

38 - Ideas e prexuizos

Obxectivos:

- Analizar percepción e estereotipos propios, contrastando estes cos dos outros membros do grupo.
- Analizar a orixe destas percepcións
- Reflexionar sobre o impacto das percepcións nas condutas e sobre elementos que poidan contribuír á modificación de percepcións erróneas.
- Estimular a reestruturación cognitiva mediante procesos de comunicación.

Definición de conceptos:

Racismo: Doutrina que afirma a superioridade dunha raza sobre as demais.

Etnocentrismo: tendencia a considerar as actitudes e valores do propio grupo social como paradigma universal. Tendencia a verbalizar expresións hostís cara unha variedade de grupos cos que se identifica ao suxeito...; basease na distinción rixida entre meu grupo e os demais. Prexuízo ou actitude hostil cara os demais grupos e tendencia a favorecer ao propio grupo.

Xenofobia: odio ao estranxeiro provocado por unha sucesión de orixe social.

Discriminar: Segregar, separar alegando diferencias raciais, sociais, sexuais...

Descrición da actividade:

Entrégase a cada participante un folio no que aparecen tres ou catro frases incompletas, solicitando que completen as frases, rapidamente, contestando co primeiro que lles veña á mente, sen avaliar ou xulgar a idea suxerida.

Posteriormente distribúense polo chan da aula varios pregos de papel de embalar (un por cada frase), de gran tamaño e alongados (que permitan incluír tantas respostas como número de participantes), cada un dos cales se encabeza con unha frase incompleta. Todos os participantes acércanse aos pregos e transcriben o texto co que completaron esa frase (deben escribir as súas respostas sen lelas anteriores; logo realizarán unha fase de análise).

Cando se escribiron no pregos todas as respostas ás frases, o profesor guiará a análise (le as frases de cada prego en alto) e a discusión (pregunta ao grupo que imaxe se ten en xeral dese colectivo). Deste modo, clarifícase o concepto que ese grupo ten dos colectivos analizados (emigrantes, negros, xitanos, marxidados, as mulleres, os homes...) o de outros construtos obxecto de valoración (a amizade, as drogas, os profesores, o amor, a violencia..l) Para analizar o concepto que o grupo ten dese colectivo pódense valorar as respostas dadas como positivas, negativas, ou neutrais, facendo un cómputo xeral do tipo de respostas consideradas en cada frase (cantas positivas, negativas e neutras en relación a cada colectivo estudado) Enténdese por respostas positivas aquelas que resaltan algo positivo dese colectivo (por exemplo os negros son grandes deportistas, cantan ben, son moi agradables, moi importantes), en contraposición ás negativas (os xitanos son sucios, rouban, dánme noxo...) ou as neutras (os marroquís son os que viven no sur, venden alfombras, teñen unha cor de pel distinta).

Nunha segunda fase, formúlanse ao grupo varias preguntas, recollendo sinteticamente as súas respostas na pizarra

Departamento de Orientación – CPI Plurilingüe de Navia de Suarna

- Cal é a orixe das nosas crenzas?
 - Por que temos estas percepcións sobre as cousas? (xornais, libros, cómics, películas, pais, amigos, escola...).
 - Como inflúe o que percibimos na nos forma de comportarnos? (por exemplo, se eu teño a percepción X do grupo X, “os xitanos rouban...)
 - Como me comportarei cos seus membros? (En relación a esta pregunta, formulala utilizando exemplos concretos dos colectivos estudados nos que se puxeran de manifesto actitudes de rexeitamento, xenófobas, etc. Seleccionar percepcións de rexeitamento a colectivos sociais postas de relevo nas respostas dos membros do grupo.)
- Que pode axudarnos a modificar as nosas percepcións? (información, contacto..)

Notas:

Nin o profesor nin os membros do grupo deben emitir xuízos de valor sobre as percepcións dos outros. O obxectivo é clarificar as percepcións propias, contrastalas coas que teñen outros, analizar a súa orixe e o impacto que teñen na conduta.

Discusión:

Fase 1: lectura das respostas. Conclusión xeral sobre a percepción que se ten de cada colectivo (análise de respostas positivas, negativas e neutras)

Fase 2: preguntas que axuden a: 1) analizar a procedencia das ideas ou percepcións que temos, 2) analizar o impacto das percepcións da conduta e 3) clarificar elementos que axuden a modificar crenzas erróneas.

Materiais:

Un folio con varias frases incompletas por participante (o número de frases dependerá do tempo dispoñible para a actividade) Pregos grandes de papel de embalar. Rotuladores. Pizarra. Bolígrafos.

Tempo: 60 minutos 3 ou 4 frases

IDEAS E PREXUÍZOS: FOLLA DE RESPOSTA

- Os negros
- Os xitanos
- As persoas que estiveron no cárcere.....
- Os emigrantes.....
- A xente rica.....
- As persoas violentas.....
- Os musulmáns
- A xente pobre.....
- Os adictos as drogas.....
- Os alcohólicos.....
- Os homes.....
- As mulleres.....
- Os marxidados.....
- Os profesores.....
- A contaminación.....
- O amor.....
- O machismo.....
- O feminismo.....
- A violencia.....
- As drogas.....
- Os amigos.....
- Os pais.....
- A sexualidade.....

39- Feitos e opinións

Obxectivos:

1. Diferenciar feitos de opinións.
2. Identificar deducións erróneas e pensamentos prexuzosos.

Descrición da actividade:

Cada participante recibe unha folla de resposta na que se lle presentan afirmacións en relación ás cales debe indicar si o que se afirma é un feito ou unha opinión. Posteriormente, o profesor vai preguntando en cada afirmación se é un feito ou unha opinión. Coméntanse as respostas en alto e argumentanse cando existan discrepancias. En último lugar, os participantes inventan afirmacións e os demais deben diferenciar se estas afirmacións son feitos ou opinións. Ao finalizar esta fase, o profesor pode ler en alto pares de afirmacións solicitando ao grupo a identificación de deducións erróneas e cognicións prexuzosas. Para isto defínese previamente o prexuízo como “un xuízo ou predición sobre alguén tendo en conta unicamente a súa aparencia física, relixiosa, sexo, pertenza étnica...”

Notas: o profesor ofrecerá varias frases que poidan servir de estímulo para realizar a actividade. Porén, pódense seleccionar algunhas destas para comentar nunha sesión ou pódense inventar outras que amplíen as posibilidades da tarefa en función de diversas temáticas que se queiran abordar.

Variante da técnica:

Deducións e prexuízos: ao finalizar a diferenciación entre feitos e opinións, o profesor pode cuestionar unha serie de frases ao grupo. Propoñéndolles que identifiquen as frases que indican feitos obxectivos ou contidos descritivos, así como frases que impliquen deducións erróneas e cognicións negativas o prexuzosas (marcadas con asterisco)

Discusión:

Corrección e diferenciación de feitos e opinións. Comunicación de argumentos cando se producen discrepancias. Clarificación da diferenza entre ambos conceptos.

Materiais:

Folla de resposta (unha por participante), bolígrafos.

Tempo: 30 minutos

Na primavera saen as flores.

O amarelo é unha cor

No outono algúns árbores perden as follas.

Os rapaces son un pouco chulos

No terceiro mundo os nenos morren de fame.

Os nenos son máis fortes que as nenas

Os ricos son máis guapos

Os cataláns son máis traballadores que os andaluces

Os musulmáns son machistas e maltratan as súas mulleres

Os xitanos foron expulsados de moitos países no transcurso da historia

Os africanos teñen moito ritmo

No campo vívese mellor que na cidade.

En decembro fai frío.

As persoas que len moito saben máis.

Aos xitanos non lles gusta traballar e por iso viven na sociedade marxinalmente

As mulleres son máis intelixentes que os homes.

As persoas son pobres porque queren.

Escalar montañas supón un gran esforzo

Os musulmáns son persoas coma as demais, unicamente teñen outra cultura e costumes diferentes das nosas.

Os musulmáns non teñen unha verdadeira fe porque non creen en Deus.

O can é o mellor amigo do home.

A froita é boa para o corpo.

Os cabalos son intelixentes.

Facer deporte é bo para a saúde.

As rapazas son máis sensibles que os rapaces

Indurain é un dos mellores ciclistas da historia.

O fútbol é deporte de rapaces.

As películas dramáticas son peores que as de acción.

Folla de corrección de feitos e opinións

Na primavera saen as flores.	F
O amarelo é unha cor	F
No outono algúns árbores perden as follas.	F
Os rapaces son un pouco chulos	O
No terceiro mundo os nenos morren de fame.	F
Os nenos son máis fortes que as nenas	O
Os ricos son máis guapos	O
Os cataláns son máis traballadores que os andaluces	O
Os musulmáns son machistas e maltratan as súas mulleres	O
Os xitanos foron expulsados de moitos países no transcurso da historia	F
Os africanos teñen moito ritmo	O
No campo vívese mellor que na cidade.	O
En decembro fai frío.	F
As persoas que len moito saben máis.	F
Aos xitanos non lles gusta traballar e por eso viven na sociedade marxinalmente	O
As mulleres son máis intelixentes que os homes.	O
As persoas son pobres porque queren.	O
Escalar montañas supón un gran esforzo	F
Os musulmáns son persoas coma as demais, unicamente teñen outra cultura e costumes diferentes das nosas.	F
Os musulmáns non teñen unha verdadeira fe porque non creen en Deus.	O
O can é o mellor amigo do home.	O
A froita é boa para o corpo.	F
Os cabalos son intelixentes.	O
Facer deporte é bo para a saúde.	F
As rapazas son máis sensibles que os rapaces	O
Induráin é un dos mellores ciclistas da historia.	F
O fútbol é deporte de rapaces.	O
As películas dramáticas son peores que as de acción.	O

39. Feitos e opinións (variante)

- Ela roubou as fresas. Mira como ten a camiseta manchada de vermello.*
- É moi intelixente. As súa notas son sempre sobresalientes.
- Fará mal o exame. Normalmente suspende*
- Mira como viste. Debe ser moi pobre*
- É un profesor esixente. Pon deberes todos os días.
- Non quero xogar con el. Ten a pel doutra cor*
- Seguro que pola súa culpa imos a perder o partido. É moi lento.*
- Non se pode confiar nela. Ten unha expresión moi estraña*
- Dixo que non quería vir a festa. Estaba moi cansada.
- Mellor que non sexa o meu amigo. É alxeriano e o seu xeito de vestir é raro*
- Debe ser moi astuto. Ten os ollos resgados*
- É moi alto. Encesta moito no baloncesto.
- É unha rapaza. Xogará mal ao fútbol*

○ **40- Periodismo crítico**

Obxectivos:

- Estimular a capacidade crítica fronte aos medios de información.
- Identificar sesgos da información e interpretacións derivadas
- Promover a comunicación intragrupo.
- Estimular a cooperación grupal.

Descrición da actividade:

Seleccionase a mesma noticia (de actualidade e que interese ao alumnado) de dous ou tres xornais diferentes e analízanse os datos e as interpretacións diferenciais que se dan nos respectivos xornais. Para isto divídese ao grupo en equipos de cinco-seis participantes. Cada equipo le as dúas ou tres versións periodísticas da mesma noticia e compáraas tratando de clarificar algunhas cuestións como:

Os datos que se aportan.

Os argumentos que manexan

A visión da realidade que teñen.

Se se postulan a prol de alguén.

Que explicación dan ao conflito ou ao tema.

A orientación do periódico a partir dos elementos da noticia.

Un secretario toma nota das conclusións do seu equipo. Posteriormente, lense en alto as análises realizadas por cada equipo e en base ás conclusións ábrese o debate.

Discusión:

Coméntanse en gran grupo as conclusións ás que chegou cada equipo e ábrese un debate en torno ao tema. Algunhas das conclusións: os sesgos nos datos, na información dispoñible sobre a realidade inflúen na interpretación que facemos da mesma.

Materiais:

A mesma noticia en 2 ou 3 xornais diferentes que se entregan a cada equipo. Folios e bolígrafos

Tempo:

60 minutos aproximadamente

41- Imaxes doutros pobos

Obxectivos:

Examinar imaxes doutras persoas e clarificar a procedencia destas imaxes.
Contrastar as imaxes propias coas dos demais.
Identificar percepcións, estereotipos e prexuízos.
Ampliar o coñecemento doutros pobos ou nacións: Flexibilizar clichés e estereotipos.
Estimular a reestruturación cognitiva mediante procesos de comunicación intragrupo.

Definición de conceptos:

Racismo: doutrina que afirma a superioridade dunha raza sobre as demais.

Etnocentrismo: tendencia a considerar as actitudes e valores do propio grupo social como paradigma universal. Tendencia a verbalizar expresións hostís cara unha variedade de grupos étnicos e a ser acriticamente favorables a todo o que proveña dos grupos cos que se identifica o suxeito...: basease na distinción rixida entre o meu grupo e os demais. Prexuízo ou actitude hostil cara os demais grupos e tendencia a favorecer ao propio grupo.

Xenofobia: Odio ao estranxeiro provocado por unha suxestión de orixe social.

Discriminar: segregar, separar alegando diferencias raciais, sociais, sexuais.

Interdependencia: relacións de dependencia recíproca entre individuos, grupos, nacións..

Descrición da actividade:

Cada participante recibe unha folla con varias frases incompletas referidas a outros pobos ou nacións. En primeiro lugar, de forma individual, deben completar as frases, o que permitirá observar a imaxe que teñen dese pobo ou nación. Cada participante completa as frases, rapidamente, contestando co primeiro que lle veña á mente, sen avaliar ou xulgar a idea suxerida. Posteriormente distribúese polo chan da aula varios pliegos de papel de embalar (un por frase), alongados (que teñan unha lonxitude que permita incluír tantas respostas á frase como número de participantes), e cada un dos cales se encabeza cunha frase como número de participantes), e cada un dos cales se encabeza con unha frase incompleta (por exemplo, os estadounidenses). Todos os participantes acércanse aos pregos e transcriben o texto co que completaron esa frase (deben escribir as súas respostas sen ler as anteriores, posteriormente realizarase unha fase de análise) Unha vez escritas no pregos todas as respostas ás frases, o profesor guiará a análise (le as frases de cada prego en alto) e a discusión (pregunta ao grupo que imaxe se ten en xeral dese colectivo), clarificando o concepto que ese grupo ten dos pobos analizados mediante a valoración das ideas escritas como positivas, negativas ou neutrais. Enténdese por respostas positivas aquelas que resaltan algo positivo dese colectivo en contraposición ás negativas ou as neutras.

Nunha segunda fase, divídese a pizarra en tres partes, para recoller as respostas ás tres preguntas que se formulan ao grupo (traballar cos exemplos concretos en relación aos cales o grupo manifestara imaxes negativas.):

- Cal é a orixe das imaxes que temos doutros pobos ou nacións?
- Como inflúe o que percibimos na nosa forma de comportarnos?(por exemplo, se teño a percepción X do grupo X...¿Como me comportarei con eles?
- Que pode axudarnos a modificar as nosas percepcións?(información, contacto...)

Departamento de Orientación – CPI Plurilingüe de Navia de Suarna

Notas:

Non se deben emitir xuízos de valor sobre as percepcións. O obxectivo é clarificar as percepcións propias, contrastalas coas de outros, analizar a súa orixe e o impacto que teñen na conduta.

Se se identifican cognicións negativas ou prexuízos cara algún país, pódese propor, ao finalizar a sesión, a formación de catro ou cinco equipos cada un dos cales deberá traer á sesión seguinte información relacionada con ese colectivo social cara o que o grupo tiña prexuízos.

Discusión:

Fase 1: Lectura das respostas. Conclusión xeral sobre a percepción que se ten de cada país (valoración das respostas en positivas, negativas e neutras)

Fase 2: preguntas que axuden a: 1) analizar a procedencia das ideas ou percepcións que temos (periódicos, libros, cómics, películas, país, escola...) , 2) reflexionar sobre o impacto das percepcións na conduta., 3) clarificar elementos que axudan a modificar imaxes erróneas. Trátase de clarificar que imaxes se xeraron dos distintos pobos e se hai acordo entre os membros do grupo.

Materiais:

Unha folla de respostas por participante. Bolígrafos, Pregos grandes de papel de embalar. Rotuladores. Pizarra.

Tempo: Entre 60 e 90 minutos dependendo do número de frases.

Os chinos.....

Os norteamericanos.....

Os cubanos.....

Os marroquí.....

Os xaponeses.....

Os rusos.....

Os alxerianos.....

Os alemáns.....

Os franceses.....

Os ingleses.....

Os africanos.....

Os arxentinos.....

Os palestinos.....

Os andaluces.....

Os españois.....

Os galegos.....

Os asturianos.....

Os valencianos.....

Os cántabros.....

Os vascos.....

Os casteláns.....

○ **42- Asociación de palabras**

Obxectivos:

Coñecer a primeira imaxe que se asocia con certas palabras
Clarificar percepcións asociadas a determinadas palabras.
Contrastar as percepcións propias coas dos demais.
Analizar a orixe das percepcións e o impacto destas na conduta.
Fomentar a flexibilidade perceptiva.

Descrición da actividade:

Cada participante recibe unha folla na que aparece unha lista de palabras. En primeiro lugar, individualmente len cada palabra e escriben xunto a ela a primeira palabra que les ven á mente asociada a esta. Despois, reúnen en gran grupo, o profesor vai enunciando as palabras, e os membros do grupo informan das asociacións que realizaron con estas. Ao final sintetízanse os resultados, clarificándose as percepcións que os membros do grupo teñen respecto a esa palabra.

Dado que o listado de palabras é moi amplo, pode ser necesario seleccionar un número delas para cada sesión. Non se deben emitir xuízos de valor sobre as percepcións. O obxectivo é clarificar as percepcións propias, contrastalas coas doutras persoas, analizar a súa orixe e o impacto que teñen na conduta.

Discusión:

Lectura das respostas asociadas a cada palabra dos membros do grupo. Realízase unha síntese das percepcións que se poñen de relevo en relación aos conceptos que subxacen as asociacións de cada palabra. O debate posterior dependerá dos contidos que se expresen. Por que temos esas percepcións? Cal é a orixe das imaxes que temos?,¿Como inflúe o que percibimos na nos forma de comportarnos? Que pode axudarnos a modificar as nosas percepcións? (información, contacto...)

Materiais: Folla de resposta da asociación de palabras

Tempo: 30 minutos 4 ou 5 palabras

Pai		África		Soño	
Nai		Xaneiro		Fame	
Cruz		Tesoira		Castigo	
Libro		Comida		Medo	

Departamento de Orientación – CPI Plurilingüe de Navia de Suarna

Muller		Esquimó		Mar	
Casa		Bico		Espacio	
Cadeira de rodas		Felicidade		Azul	
Negro		Coitelo		Ordenador	
Árabe		Guitarra		Primavera	
Alcohol		Televisión		Auga	
Fumar		Indio		Moro	
Cárcere		Barrotes		Violencia	
Guerra		Pobo		Vacacións	
Drogas		Vello		Sospeita	
Home		Bebé		Forza	
Familia		Illamento		Verde	
Amigo		Mozo		Dependencia	
Amor		Odio		Irmáns	

43- A inmobiliaria

Obxectivos:

1. Analizar os valores que subxacen as nosas accións
2. Promover a comunicación intragrupo para a busca de consenso.
3. Identificar actitudes discriminatorias cara outros en base a nacionalidade ou status económico
4. Estimular a reestruturación cognitiva mediante procesos de comunicación

Descrición da actividade:

Divídese o grupo en pequenos equipos de seis a oito membros respectivamente, cada un dos cales representa unha axencia inmobiliaria. Cada equipo recibe a folla de respostas na que aparece a oferta que ten a inmobiliaria e as peticións que ten pendentes. En primeiro lugar, cada membro do grupo en solitario decide a quen dará cada oferta e anota na súa folla de resposta xustificando as razóns das decisións tomadas. A decisión tómase dende a perspectiva da “ a quen lles gustaría darlles as vivendas e por que”, e dicir, de poder asignarllas libremente, a quen llas darían e por que. Despois en pequenos equipos coméntanse as decisións de cada participante e as súas razóns, tratando de chegar a unha adxudicación por consenso (anótano na folla de respostas do equipo cos argumentos expostos para tales decisións). En terceiro lugar, en gran grupo, un representante de cada equipo transmitirá as decisións e os argumentos do seu equipo tratando de defender estas adxudicacións. Nesta fase o equipo só pode comunicarse cos seus representantes a través de notas escritas. Despois de presentar e argumentar as decisións de todos os equipos, os representantes dispoñen de cinco minutos para pórse de acordo. Só poderán alugarse aquelas vivendas sobre as que teñen chegado a un acordo. Finalmente, ábrese un espacio de discusión e debate.

Nota : neste exercicio é importante suxerir que cada membro reflexiones sobre os valores implícitos nas súas asignacións individuais.

Discusión:

Como nos sentimos co exercicio?. Sentímonos identificados coa decisión do noso equipo? Como foi o proceso de toma de decisións ?. Como foi a comunicación dentro dos equipos?. Puidestes participar todos?. Que criterios prevaleceron á hora de adxudicar as vivendas? Que argumentos se tiveron máis en conta?. Que valores predominaron na asignación das vivendas?

Materiais: Follas de resposta (unha por participante e unha por equipo) Bolígrafos.

Tempo: 60 minutos

43.- A inmobiliaria: folla de resposta

Ofertas

- Un chalé de luxo
- Unha casa familiar con un xardín diante e detrás nun barrio bo.
- Un sexto piso nun barrio periférico (as aforas da cidade)
- Un piso encima dun garaxe nun barrio céntrico deteriorado con casas declaradas en ruína.

Demandas: solicitude de vivendas

- Familia Echevarría: chegaron hai dez anos de Arxentina, país ao que emigraron os seus familiares fai anos. O pai traballa nun banco. A nai é tradutora de idiomas. Fillas de 16 e 14 anos e fillos de 13 e 11.
- Familia Aguirre: o home é propietario dunha tenda e a muller traballa na casa. Ten tres fillas de 10, 7 e 5 anos.
- Familia Mahfuz Hassan: é unha familia marroquí. O pai traballa nun restaurante. A nai traballa de limpadora nunha fábrica. Fillos de 6, 4 e 3 anos.
- Familia Pérez. O pai traballa unha fábrica de puros. A nai divorciada non viviría nesa casa. Fillos de 10 e 5 anos e fillas de 8 e 7 anos.

Adxudicacións e argumentos:

MÓDULO VI: Discriminación e etnocentrismo

Este módulo intégrano oito actividades que permiten analizar a discriminación favorecendo a apertura ás perspectivas doutros grupos socioculturais, a diminución do etnocentrismo e unha comprensión da interdependencia existente entre individuos, grupos ou nacións.

- **46- Falando de racismo**
- **47- O estranxeiro**
- **48- Situacións de discriminación**
- **49- Os rapaces e as rapazas**
- **50- Restaurante internacional**
- **51- Afirmacións e feitos**
- **52- Nacionais e estranxeiros**
- **53- Fotos conflictivas**

44 - Falando de racismo

Obxectivos:

- Recoñecer as nosas percepcións de outros grupos culturais (xitanos) e os valores subxacentes a eles.
- Clarificar actitudes de discriminación e racistas cara outros grupos.
- Promover a comunicación intragrupo: desenvolvemento de hábitos de escoita activa.
- Estimular a reestruturación cognitiva mediante procesos de comunicación

Definición de conceptos.

Racismo: doutrina que afirma a superioridade dunha raza sobre as demais.

Etnocentrismo: tendencia a considerar as actitudes e valores do propio grupo social como paradigma universal. Tendencia a verbalizar expresións hostís cara unha variedade de grupos étnicos e a ser acriticamente favorable a todo o que proveña dos grupos cos que se identifica ao suxeito...; basease na distinción rixida entre o meu grupo e os demais. Prexuízo ou actitude hostil cara os demais grupos e tendencia a favorecer ao propio grupo.

Discriminar: segregar, separar alegando diferencias raciais, sociais, sexuais...

Xenofobia: definiuse como o odio ao estranxeiro provocado por unha suxestión de orixe social.

Descrición da actividade:

O grupo divídese en equipos de cinco ou seis participantes cada un dos cales recibe unha folla con oito frases. O profesor comezará lendo as frases e aclarando os contidos das mesmas para que non haxa dificultades de comprensión da información nos membros do grupo. Posteriormente, cada equipo deberá pensar se está ou non de acordo cos contidos de cada unha das frases e cos argumentos que subxacen ao acordo ou desacordo. Os equipos reciben unha fotocopia onde aparecen as frases que primeiro deberán recortar e despois clasificar en función da conformidade que ten o equipo en relación a cada unha delas. Neste proceso débátese as discrepancias de opinión, e en base ao razoamento das ideas individuais o equipo debe clasificalas (acordo-desacordo) tratando de chegar a consenso. Se non é posible en relación a todas as frases, deben clarificar en que frases non houbo consenso e cales foron os argumentos discrepantes formulados. Ao final o grupo pega as frases clasificadas sobre un folio dividido en dúas columnas (acordo-desacordo). Posteriormente, en gran grupo, un secretario de cada equipo informa da clasificación realizada polo seu equipo, así como as frases non consensuadas e os argumentos discrepantes. Despois de que cada equipo presente os seus resultados, ábrese un debate en función dos mesmos.

O exercicio formula, a modo de exemplo, a análise dun grupo concreto (xitanos), porén, pode proporse en sucesivas ocasións a reflexión sobre outros colectivos ou grupos culturais (negros, musulmáns ou outros colectivos en relación aos cales ese grupo poida ter prexuízos...)

Discusión:

Fase 1: lectura das respostas. Conclusión xeral sobre a percepción que se ten de cada colectivo. Que imaxe temos dos xitanos?. Que nos aportou a discusión en grupo?. Coincidiron os resultados

Departamento de Orientación – CPI Plurilingüe de Navia de Suarna

en todos os equipos?. Que coñecemos dos xitanos?. Como fomos adquirindo estes coñecementos?

Fase 2: preguntas que axuden a: 1º) analizar a procedencia das ideas ou percepcións que temos (experiencia, periódicos, libros, cómics, películas, pais, amigos, escola...) 2º) analizar o impacto das percepcións na conduta e 3º) clarificar elementos que axuden a modificar crenzas erróneas.

Materiais:

Unha folla coas frases, un lapis e unha goma por participante. Outra folla coas frases por cada equipo, tesoiras, folios e pegamento (un por cada equipo)

Tempo: 60 minutos aproximadamente

Departamento de Orientación – CPI Plurilingüe de Navia de Suarna

Aos xitanos non se lles trata igual
Necésitanse leis que favorezan aos xitanos e lles permitan mellorar a súa situación
A solución dos problemas que teñen os xitanos debe partir deles, e para isto deben organizarse mellor.
O goberno favorece a marxinación dos xitanos porque non recoñece a nivel educativo as diferencias culturais.
Todos temos igualdade de oportunidades; se non chegamos ao mesmo lugar é porque uns se esforzan máis que outros.
O problema da convivencia entre xitanos e “paios” débese sobre todo ao descoñecemento da cultura xitana e á intolerancia do grupo maioritario.
Os xitanos e os paios conviven sin problemas.
O mellor para todos é que os xitanos vivan en lugares apartados da sociedade.

Aos xitanos non se lles trata igual
Necésitanse leis que favorezan aos xitanos e lles permitan mellorar a súa situación
A solución dos problemas que teñen os xitanos debe partir deles, e para isto deben organizarse mellor.
O goberno favorece a marxinación dos xitanos porque non recoñece a nivel educativo as diferencias culturais.
Todos temos igualdade de oportunidades; se non chegamos ao mesmo lugar é porque uns se esforzan máis que outros.
O problema da convivencia entre xitanos e “paios” débese sobre todo ao descoñecemento da cultura xitana e á intolerancia do grupo maioritario.
Os xitanos e os paios conviven sin problemas.
O mellor para todos é que os xitanos vivan en lugares apartados da sociedade.

45- O estranxeiro

Obxectivos:

- Poñer en relevo e analizar situacións de marxinação.
- Promover a comunicación intragrupo: desenvolvemento de hábitos de escoita activa.
- Estimular a reestruturación cognitiva mediante procesos de comunicación.
- Estimular a capacidade de situarse no punto de vista de outro e a empatía.
- Aprender técnicas de resolución de problemas de situacións sociais conflitivas.

Descrición da actividade:

Fase 1: En gran grupo, o profesor le unha historia (historia de Hassan) “ Hassan é un rapaz marroquí de 12 anos. O seu pai traballa na construción e a súa nai nunha empresa de limpeza. Acode a esta escola dende fai un ano, momento no que os seus pais se trasladaron a vivir a este país. No colexio, con frecuencia, acostuma a pegar ao seus compañeiros, quitándolles os seus xoguetes. Os seus compañeiros están cansados del, e déixano de lado. Está marxinado no grupo. A penas fala con ninguén, aínda que domina bastante o castelán, e non ten amigos. As veces amosase retraído e outras agresivo. Ademais, en algunhas áreas escolares vai algo máis atrasado que os demais. Cos profesores tampouco se leva ben e en algunha ocasión foi expulsado da clase. Hassan bota de menos o seu país e todo o que deixou nel.” Como escoitastes, Hassan parece ter algúns problemas. ¿Que pensamos que lle pode pasar a Hassan? Despois de narrar a historia, o profesor durante dez minutos estimula que os membros do grupo ofrezan verbalmente respostas sobre as posibles causas do comportamento e dos problemas de Hassan, sobre os seus sentimentos ou pensamentos... Analízanse as atribucións que se fan da conducta de Hasan (a quen se atribúe a responsabilidade da conducta de Hasan).

Fase 2: O grupo divídese en equipos de 8-10 membros e cada equipo deberá pensar sobre o seguinte suposto: “ si Hassan estiver na nosa clase, ¿que poderíamos facer para axudarlle?.Cada equipo, en primeiro lugar, deberá listar todas as posibles solucións que considere axeitadas para axudar a Hassan. En segundo lugar, cada equipo deberá elixir do listado elaborado a solución máis eficaz (por consenso ou por maioría)e, en último lugar, os equipos por quendas representan a situación. As dramatizacións teñen que presentar basicamente a solución seleccionada por cada equipo.

Nota: un participante pode actuar como secretario observador e rexistra as respostas sobre as causas do comportamento de Hassan (atribucións que se fan da conduca) e as verbalización do debate e recoller o listado de solucións de cada equipo.

Discusión:

Fase 1: análise das respostas sobre as causas dos problemas de Hassan ¿Que atribucións se fan da súa conduta?(causas externas ou internas)

Fase 2: despois da dramatización, en gran grupo, lense outras posibles solucións que recollesen os equipos na súas listas e ábrese o debate en canto a adecuación das solucións comentadas.

Materiais: materiais para a dramatización, folios e bolígrafos

Tempo: 1 hora e 30 minutos aproximadamente

46- Situacións de discriminación

Obxectivos:

- Identificar situacións de discriminación dentro do grupo.
- Buscar posibles solucións a situacións de discriminación no contexto do grupo de iguais. Resolución de problemas.
- Potenciar a comunicación intragrupo. escoita atenta aos sentimentos e pensamentos dos demais compañeiros.

Descrición da actividade:

Esta actividade realízase en gran grupo e iniciase coa definición do concepto de discriminación por parte do profesor (discriminar = segregar, separar alegando diferencias raciais, sexuais, de nivel escolar, de clase social...) Nun primeiro momento cada membro do grupo, individualmente e de forma anónima, describe nun anaco de papel “ unha situación na que se sentiu discriminado ou se sentiría discriminado polos seus compañeiros de grupo”. Debe de escribilo en primeira persoa.

En segundo lugar dóbranse os papeis, mestúranse e redistribúese un papel para cada participante (se lle toca o papel que el escribiu, devólvese a bolsa e cóllese outro). Cada participante le a papeleta que lle tocou e métese na pel da persoa que o escribiu facendo seu o problema. Despois de lelo dedica un minuto para escribir como cre que podería resolvelo (escribindoo en primeira persoa). Así, o lector pensa solucións a esa situación como se el estiver implicado na mesma e anótaas nun papel. Cando todos escribiron as solucións á situación de discriminación exposta na súa papeleta, un membro do grupo le en alto o problema executado en primeira persoa e as solucións que pensou. O resto do grupo intentará considerar outras solucións que considere axeitadas. Se aparecen outras formas de abordar a situación de discriminación, engádense na papeleta. Así, sucesiva e rapidamente, exprésanse todos os membros do grupo.

Nota : se se dispón de pouco tempo para a integración dos resultados da actividade cun grupo numeroso, pódese solicitar aos participantes que expoñan en rea as papeletas coas situacións de discriminación e as súas solucións para que cada membro do grupo teña a oportunidade de ver a solución considerada ao seu problema. O profesor vaixe desprazando co grupo fronte á fila de papeletas que se atopan no chan, lee rapidamente as situacións e as formas de afrontalas propostas e coméntanse. Se fora así, o profesor debe filtrar solucións que poidan non ser positivas chamando a atención sobre isto.

Discusión:

Na fase de debate, en primeiro lugar coméntanse as situacións de discriminación consideradas e as solucións propostas. Posto que haberá situacións similares, e en aras de facer máis áxil o debate, pódense asociar ou relacionar. Para isto coméntase unha situación de discriminación e as súas solucións e posteriormente preguntase se hai outras situacións parecidas a esta, comentándose sinteticamente. Se se enunciaran solucións que o profesor xulga como negativas ou non eficaces, pódense formular preguntas ao grupo sobre as consecuencias desa solución que conduzan a que o propio grupo reflexione e clarifique a falla de adecuación da solución dada.

Ao finalizar a exposición das situacións e as súas resolucións, pode sintetizarse o sinalado (situacións e solucións consideradas) e formularse algunhas preguntas que amplíen o debate: Foron útiles as suxestións para resolver a situación de discriminación que suxeriu cada un?. Son de axuda as opinións e experiencias de outros?. Comprendemos mellor agora as experiencias de discriminación e como abordalas?. Cales son as situacións que se destacaron con maior frecuencia?. Como podemos evitar ter actitudes discriminatorias cara outros?

Materiais: Folios e bolígrafos

Tempo: 60 minutos

- 47- Os rapaces e as rapazas

Obxectivos:

- Identificar situacións de discriminación debida ao sexo.
- Intercambiar información sobre as condutas placenteras e displacenteras na interacción con iguais do outro sexo.
- Promover unha mellora nas interaccións inter sexos.
- Pontenciar a comunicación intragrupo.

Descrición da actividade:

Fórmanse equipos de 7 ou 8 participantes do mesmo sexo. En primeiro lugar, durante un tempo de 15 a 20 minutos os equipos cobren o cuestionario que se lles entrega, recolléndoo as ideas que aporten todos os membros do grupo. Posteriormente, en gran grupo, expóñense as respostas de cada equipo e débátense as ideas básicas expresadas. En último lugar exprésanse obxectivos de cambio para a mellora da interacción inter sexos.

Discusión:

O debate establececese en torno aos contidos que se expresen nos cuestionarios.

Expóñense as conclusións de cada equipo, sintetízanse as ideas básicas, débátense os contidos postos de relevo e exprésanse obxectivos de cambio.

¿Apareceron actitudes de discriminación? ¿O diálogo en grupo axudou a coñecer mellor aos do outros sexo?

Conclusión: pese ás diferencias como máis iguais que diferentes (similares desexos, necesidades, preocupacións, fantasías, temores...)

Materiais: cuestionario e bolígrafo (un por equipo seleccionado en función do sexo)

Tempo: 60 minutos

Departamento de Orientación – CPI Plurilingüe de Navia de Suarna

47- Os rapaces e as rapazas: cuestionario para as rapazas

Que me gusta se ser unha rapaza?

Que experiencias me entristecen de ser unha rapaza?

Que dificultades temos como rapazas con persoas do noso propio sexo?

Que non desexamos volver a experimentar como rapazas das persoas do outro sexo?

Que podemos facer para comprender e apoiar aos rapaces, para crear mellores relacións entre nosoutros?

Nalgunha ocasión, sentísteisvos rexeitados por ser rapazas? ¿Cales?

Departamento de Orientación – CPI Plurilingüe de Navia de Suarna

47- Os rapaces e as rapazas: cuestionario para os rapaces.

¿Que me gusta se ser un rapaz?

Que experiencias me entristecen de ser rapaz?

Que dificultades temos como rapaces con persoas do noso propio sexo?

Que non desexamos volver a experimentar como rapaces das persoas do outro sexo?

Que podemos facer para comprender e apoiar ás rapazas, para crear mellores relacións entre nosoutros?

Nalgunha ocasión, sentísteosvos rexeitados por ser rapaces? ¿Cales?

48 -O restaurante internacional

Obxectivos:

- Ilustrar o alcance da fame e da pobreza no mundo e a forma na que estema repartidos os recursos entre os pobos do norte e do sur.
- Experimentar a discriminación, vivenciada, en pequena medida, a inxusta orde económica internacional a través do tema dos alimentos.
- Favorecer a análise e estudo dese conflito (inxusta distribución da riqueza)
- Estimular a empatía cos países desfavorecidos, discriminados economicamente.
- Reflexionar sobre formas de acción para a resolución do problema, é dicir, estratexias de reparto dos recursos do mundo máis xusta e equitativas.
- Por de relevo as relacións de interdependencia entre individuos, grupo, nacións...

Descrición da actividade:

Nesta actividade propónse unha situación na que se simula a desigual distribución dos recursos no mundo, na que os membros do grupo son asignados a distintas condicións de posesión de bens e benestar material.

Fase de preparación:

Pedir a cada participante que leve a escola o día da sesión produtos alimenticios (galletas, doces, froitas, cacahuetes, olivas, bocadillos, leite, torradas de pan, froitos secos, zumes... Pódense acordar previamente os alimentos que debe levar cada membro do grupo.

Antes de iniciar a sesión dividir os alimentos en catro montóns nos que se reduza progresivamente a cantidade e a calidade.

- O montón A inclúe os mellores alimentos (bocadillos saborosos, zumes, froitas, galletas de calidade..) e representa a metade do total de comida dispoñible.
- O montón B inclúe unha variedade de comida básica suficiente aínda que en menor cantidade e calidade (galletas, leite, bocadillos menos saborosos), representando un cuarto do total.
- O montón C incluírá só galletas secas, pan e auga, representando un cuarto do total dos alimentos dispoñibles.
- O montón D disporá unicamente de auga

Fase de desenvolvemento:

Explicase ao grupo que os montóns de alimentos representan os existentes no mundo, describíndose brevemente, e distribúese aos alumnos desigualmente en catro grupos. A distribución dos participantes lévase a cabo con un sistema de tarxetas de catro cores que se reparten ao azar (unha cor para cada montón, cinco para o grupo A, dez para o B, dez para C e cinco para o D.) Cada participante recibe unha tarxeta dun color e deberá situarse non montón que represente ese color. Por exemplo, nun grupo de 30 a distribución pode ser como segue:

Grupo A: cinco membros (dispoñen do montón A, con moita comida e de calidade)

Grupo B: dez membros (dispoñen do montón B, con suficiente comida de calidade media)

Departamento de Orientación – CPI Plurilingüe de Navia de Suarna

Grupo C: dez membros (dispón de montón C, que contén só galletas secas, pan e auga)
Grupo D: cinco membros (dispoñen do montón D, que unicamente inclúe auga)

Ademais, o grupo A sentarase moi comodamente (cadeiras ou coxíns) e disporá de moito espacio, o espacio xusto para os seus compoñentes. O grupo C sentarase no chan e disporá de pouco espacio. O grupo D estará de pé e amoreado nunha esquina da aula, uns pegados aos outros.

O profesor explica que a distribución dos recursos simbolizados polos diferentes alimentos reflicte os esquemas mundiais de distribución de riqueza e consumo, establecendo que tal e como están distribuídos repartiranse os alimentos. Neste punto iniciase o debate solicitando que os distintos grupos describan ao resto do grupo os alimentos que teñen e cantos hai por persoa, expresando os sentimentos que experimentan ao ter moito, bastante, pouco ou nada, así como en relación ao nivel de comodidade experimentada.

Ao finalizar o debate, despois de reflexionar en torno as causas das situacións de distribución desigual da riqueza e as súas solucións , reúnense todos os alimentos no centro da aula, os participantes séntanse en posición circular arredor deles e realízase unha merenda compartida. No transcurso da merenda, que ocupa os últimos minutos da sesión, pódense comentar os sentimentos experimentados ao compartir igualitariamente fronte aos experimentados na fase anterior

Discusión:

¿Cales foron os sentimentos experimentados ao dispor de moito, pouco ou case nada? ¿Podedes imaxinar como se senten as persoas que se atopan nesa situación todos os días? ¿Cales son na vosa opinión as principais causas da fame? ¿Por que ocorren estes feitos? ¿De que forma se poderían distribuír os recursos mundiais de forma xusta e equitativa?(listar as causas e solucións que se comenten no grupo na pizarra)

Materiais:

Alimentos, manteis de papel, pratos e vaos de plástico. Tarxeta de catro cores (cinco para o grupo A, dez para o B, dez para o C e cinco para o D) Coxíns (varios para o grupo A e B) ou cadeiras.

Tempo: 60 minutos

- 49- Afirmacións e feitos

Obxectivos:

- Diferenciar entre feitos e opinións.
- Analizar as crenzas sobre os emigrantes contrastándoas coas crenzas dos demais e cos datos da realidade.
- Adquirir coñecementos sobre a emigración do Terceiro Mundo.

Descrición da actividade:

Cada membro do grupo recibe unha folla de resposta onde se indican varias frases ou afirmacións. O profesor vai lendo en alto cada unha das diversas afirmacións aos participantes, individualmente, deben escribir se creen que as afirmacións que se expresan nas frases son verdadeiras ou falsas e as razóns, experiencias, recordos,.. polas que establecen as súas respostas (dáse un tempo para que respondan a cada frase e argumenten a súa resposta) Posteriormente, o profesor vai preguntando as respostas que foron dando a cada frase e os razoamentos das mesmas. Despois de escoitar a exposición de argumentos, o profesor sinala si a afirmación é verdadeira ou falsa e aporta datos de realidade que apoian a súa afirmación. Cando se conclúe a análise das afirmacións ábrese un debate sobre as crenzas xerais que temos da emigración do terceiro mundo, sobre a orixe das mesmas e as pautas de acción que poidan axudar a modificar imaxes erróneas.

É importante que o profesor clarifique os conceptos explícitos nas afirmacións (por exemplo, malaria...), cando se len xa que con esta actividade tamén se pretende ampliar os coñecementos dos membros do grupo. Porén, o que se explora son as crenzas e non os coñecementos, polo que non se debe concibir a tarefa cun esquema de acerto-error. Tampouco deben emitirse xuízos de valor sobre as percepcións que teñan os membros do grupo. O obxectivo é clarificar as percepcións propias, contrastalas coas dos outros e analizar a súa orixe, incorporando novas informacións.

Discusión:

Que crenzas imperaban respecto aos emigrantes do Terceiro Mundo? Outras preguntas que axuden a :1) analizar a procedencia das ideas ou percepcións que temos (xornais, libros, cómics, películas, pais, escola..) e 2) clarificar elementos que axudan a modificar imaxes erróneas.

Materiais:

Material para o profesor. Folla de respostas e bolígrafos

Tempo: 30 minutos

Afirmacións e feitos: material para o profesor

A gran maioría dos estranxeiros da Comunidade de Madrid proceden de países do Terceiro Mundo

Falso: Calcúlase que na Comunidade de Madrid viven 180.000 estranxeiros dos cales a metade proveñen de países do Primeiro Mundo. A outra metade provén do Terceiro Mundo.

As enfermidades principais que presentan os emigrantes do Terceiro Mundo están causadas pola condicións de vida que teñen aquí.

Verdadeiro: Estas enfermidades son moito máis frecuentes que as derivadas das condicións de vida nos seus países.

Os emigrantes do Terceiro Mundo veñen ao noso país pola fame e a pobreza que asolan os seus.

Falso: Por incompleto. En todo proceso migratorio hai dous polos, os que emigran e os receptores de emigrantes. Para que se produza a emigración fai falla que os emigrantes queiran mellorar as súas condicións de vida e que os países receptores ofrezan o cebo do desenvolvemento.

Os principais portadores da malaria que existe no noso país son os emigrantes procedentes de países tropicais.

Falso: Só o 25 % da malaria que existe no noso país é portada polos emigrantes; o resto é portada por turistas e viaxeiros.

A gran maioría de emigrantes son homes

Falso: Varía moito dentro de cada colectivo, pero en cifras globais aproximadamente a metade son homes e a metade mulleres

Para a maioría dos emigrantes do Terceiro Mundo o principal problema referente a vivenda é que tendo cartos non poden alugar pisos.

Verdadeiro: Non é tanto a falla de recursos económicos como que os donos dos pisos non queren alugarllos

Os emigrantes quitan postos de traballo aos nacionais

Falso: a presión que os emigrantes fan sobre o mercado laboral español é escasa, é dicir, a competencia laboral case non existe. Realizan traballo que non interesan aos autóctonos

Os emigrantes non teñen nada que ver co tráfico de drogas

Falso: Dicir “nada que ver” é moito dicir; porén, trátase dunha minoría dentro deste colectivo.

MATERIAL PARA O ALUMNADO

A gran maioría dos estranxeiros da Comunidade de Madrid proceden de países do Terceiro Mundo

As enfermidades principais que presentan os emigrantes do Terceiro Mundo están causadas pola condicións de vida que teñen aquí.

Os emigrantes do Terceiro Mundo veñen ao noso país pola fame e a pobreza que asolan os seus.

Os principais portadores da malaria que existe no noso país son os emigrantes procedentes de países tropicais.

A gran maioría de emigrantes son homes

Para a maioría dos emigrantes do Terceiro Mundo o principal problema referente a vivenda é que tendo cartos non poden alugar pisos

Os emigrantes quitan postos de traballo aos nacionais

Os emigrantes non teñen nada que ver co tráfico de drogas

50 - Nacionais e estranxeiros

Obxectivos:

- Recoñecer as percepcións do grupo cultural propio e das persoas non pertencentes a el.
- Clarificar actitudes de discriminación, racistas ou prexuzosas cara os estranxeiros.
- Promover a comunicación intragrupo: desenvolvemento de hábitos de escoita activa.
- Estimular a reestruturación cognitiva mediante procesos de comunicación.

Definicións de conceptos:

Racismo: doutrina que afirma a superioridade dunha raza sobre as demais.

Etnocentrismo: tendencia a considerar as actitudes e valores do propio grupo social como paradigma universal. Tendencia a verbalizar expresións hostís cara unha variedade de grupo étnicos e a ser criticamente favorables a todo o que proveña dos grupos cos que se identifica o suxeito...; basease na distinción rixida entre o meu grupo e os demais. Prexuízo ou actitude hostil cara os demais grupos e tendencias a favorecer ao propio grupo.

Xenofobia: odio ao estranxeiro provocado por unha cuestión de orixe social.

Discriminar: segregar, separar alegando diferenzas raciais, sociais, sexuais...

Descrición da actividade:

Cada participante recibe un folio en branco. Individualmente, e durante un tempo de cinco minutos, debe escribir **¿Que é un estranxeiro?**. Despois realízase o mesmo proceso, pero agora deberá definir á persoas do seu país: **¿Qué é un galego, español?**. Despois de realizar ambas descrições, agrúpanse en pequenos equipos de cinco ou seis membros e durante quince minutos tratan de sintetizar nun folio as ideas de todos os compoñentes dese equipo, intentando clarificar a imaxe que teñen dunha persoa do seu país e a imaxe dun estranxeiro. En último lugar, e en gran grupo, ábrese un debate para clarificar as imaxes postas de relevo no equipos e para sinalar actitudes etnocéntricas ou discriminatorias si aparecen.

Discusión:

Na fase de debate, en primeiro lugar, expóñense as informacións que cada equipo deu sobre os conceptos “nacional” e “estranxeiro” e en función dos contidos que aparecen establécense as preguntas ou comentarios pertinentes. Fomentar que os membros do grupo expoñan as experiencias reais que tiveran con persoas doutros países.

Materiais:

Folios e bolígrafos

Tempo: 60 minutos aproximadamente

51 - Fotos conflictivas

Obxectivos:

1. Analizar situacións conflictivas de discriminación (fame, explotación laboral de nenos en países do Terceiro Mundo...)
2. Estimular a comunicación intragrupo
3. Reflexionar sobre posibles propostas para a resolución de variados conflitos.

Descrición da actividade:

Divídese ao grupo en catro equipos a cada un dos cales se lles entrega un conxunto de fotografías que poñen de relevo unha situación problema, por exemplo fotografías que amosen situacións de escaseza, precariedade e fame. Durante quince minutos analizan a situación e sinalan que posibles solucións darían ao conflito en cuestión, tomando a perspectiva de distintas persoas (do propio grupo, os implicados, un político, un cidadán normal...) As solucións propostas polos equipos exponse verbalmente en situacións de gran grupo, analizándose os pros e contras das mesmas.

Pódense estudar un conxunto de fotografías nas que se observen diversas temáticas, por exemplo contraste entre situacións de discriminación e situacións de opulencia, explotación laboral infantil...

Discusión:

O debate xirará en torno á exposicións das solucións propostas e a análise da adecuación das mesmas.

Materiais:

Fotografías que amosen situacións-problema (por exemplo, situacións de escaseza e fame) Folios bolígrafos.

Tempo: 60 minutos aproximadamente.

MÓDULO VII: Resolución de conflictos

Contén nove actividades nas que se presentan situacións de conflito que teñen por finalidade activar técnicas e procesos de análise e resolución de conflitos variados.

52 - O roubo

53 - A agresión

54 - O rexeitamento

55 - Consello de redacción

56 - Xurado popular

57 - Unha pelexa de grupo

58 - Opostos e negociación

59 - Fantasía- Realidade

60 - Os burros

3.1.1.1. 52 - O roubo

Obxectivos:

Confrontarse con un dilema moral.
Estimular a comunicación intragrupo en relación a distintas perspectivas posibles fronte a ese conflito.
Expor e analizar distintas técnicas de resolución da situación problemática.
Expresión de emocións a través da dramatización

Descrición da actividade:

Formúlase ao grupo a seguinte historia: “ varios amigos quedaron para pasar a tarde xuntos. Deciden ir a casa de Xoán e xogar con algúns xogos novos que ten. Cando regresan a casa, Pedro dáse conta de que Xavier rouboulle un xogo a Xoán. Pedro atópase confuso. Non lle parece ben o que fixo o seu amigo, pero non sabe que facer. Que sente?,¿Que podería facer?.

Despois de narrar a historia, o grupo divídese en equipos de sete-oito participantes. En primeiro lugar, listan todas as posibles formas de responder a esta situación conflictiva na que un amigo realiza o roubo (fase de remuíño de ideas). Posteriormente, cada equipo selecciona, do listado que elaborou, a forma de responder que considere máis axeitada, debatendo as condutas posibles fronte a esa situación que cada equipo considerou (fase de avaliación de ideas). Os equipos deben razoar por que xulgan esa solución como a máis axeitada. Se non conseguen seleccionar a mellor solución por consenso, elíxena por maioría (votación). En terceiro lugar, cada equipo dramatiza unha escena na que se pon de relevo a solución que considerou máis axeitada. A dramatización debe amosar brevemente a situación da historia e a solución seleccionada por cada equipo. Ao rematar a dramatización iniciase o debate nel clarifícanse as formas asertivas, agresivas ou pasivas de responder a esa situación. Concluída a fase de discusión, poderíase formular en gran grupo un debate complementario a partir do dilema da enferma (ver a variante). Porén, a situación formulada como variante poderíase tamén traballar independentemente en outra sesión.

Variante: O dilema da enferma: trátase dunha familia que presenta unha situación económica moi baixa. A muller, de repente, cae enferma e o médico recítalle uns medicamentos que, por falla de cartos, non pode mercar. O marido cuestionase roubar os medicamentos para que a muller poida recuperar a saúde. Que farías, ti nesa situación? Roubarías os medicamentos? Que dereito subxace a esa cuestión?

Discusión:

Despois da dramatización do roubo, coméntanse, en primeiro lugar, as solucións que representaron os equipos e cada equipo informa do razoamento polo que considerou esa solución como a máis correcta, ao tempo que se analizan as respostas seleccionadas (diferenciar pasivas, agresivas, asertivas). Posteriormente, lense as outras solucións propostas en cada equipo, clarificándose si son respostas asertivas (di o que pensa e sente sen ferir nin humillar aos outros), agresiva (di o que pensa e sente humillando e ferindo os outros) ou pasivas (non di o que sente ou pensa, someténdose ao outro) Dependendo do tempo dispoñible, pódese incluír o dilema da enferma como última fase do debate. Neste dilema confrontase aos membros do grupo con outra situación na que o roubo pode estar xustificad. Se se inclúe o dilema moral da enferma, requírense dúas horas para poder levar a cabo todo o desenvolvemento da actividade.

Materiais: Folios e bolígrafos, Materiais para a dramatizacións.

Tempo: Entre 1 hora e media e dúas horas.

53 - A agresión

Obxectivos:

- Confrontarse cunha situación na que un é inxustamente agredido fisicamente por outro.
- Estimular a comunicación intragrupo en relación a distintas perspectivas posibles fronte a ese conflito.
- Analizar distintas técnicas de resolución da situación problemática, distintas formas de responder á agresión.
- Expresión de emocións a través da dramatización

Descrición da actividade:

Formúlase ao grupo a seguinte historia: “ Mikel está xogando no patio cunha pelota e Aitor empúxao, e faille caer ao chan e quítalle a pelota. Mikel intenta erguerse do chan pero Aitor empúxao de novo e volve a caer. ¿Que sente nesa situación? ¿Que podería facer?

Despois de narrar a historia, o grupo divídese en equipos de sete-oito participantes. En primeiro lugar, listan todas as posibles formas de responder a esta situación conflictiva na que unha persoa é agredida gratuitamente (fase de remuiño de ideas). Despois cada equipo selecciona a forma de responder que considera máis axeitada, debatendo as condutas posibles fronte a esa situación que cada equipo considerou (fase de avaliación de ideas). Cada equipo debe razoar por que xulgan esa solución a máis axeitada. Se non conseguen seleccionar a mellor solución por consenso, selecciónana por maioría (votación). En terceiro lugar, cada equipo dramatiza unha escena na que se pon de relevo a solución que considerou máis axeitada. A dramatización debe amosar brevemente a situación da historia e a solución seleccionada por cada equipo. Ao rematar a dramatización iniciase o debate. Concluída a fase de discusión poderíase executar en gran grupo un debate complementario a partir do dilema da pena de morte (ver a variante). No obstante, a situación establecida como variante poderíase tamén traballar independentemente noutra sesión.

Variante: “ O dilema da pena de morte” : nunha ocasión escoitas pola radio que un mozo colocou un artefacto explosivo nun edificio e como consecuencia da explosión morren dúas persoas. Tras ser arrestado, foi sometido a xuízo e finalmente condenado a pena máxima: a pena de morte. ¿Estarías a favor da sentenza?¿Por que?, ¿Crees que está ben matar a alguén polo feito de que matase a outro?¿Como cres que se sentirá a familia do condenado? ¿E a familia dos falecidos na explosión?

Discusión:

Despois da dramatización, coméntanse, en primeiro lugar, as solucións que representaron os equipos e cada equipo informa do racionamento polo que consideraron esa solución con a máis eficaz, ao tempo que se analizan as respostas seleccionadas (diferenciar respostas pasivas, agresivas, asertivas) Posteriormente, lense as outras solucións propostas en cada equipo, clarificándose si son respostas asertivas (di o que pensa e sente sen ferir nin humillar ao outro), agresivas (di di o que pensa e sente humillando ao outro) ou pasivas (non di o que sente ou pensa, someténdose ao outro) Se as respostas dos equipos son agresivas ou pasivas, o profesor, ao finalizar o debate, debe sinalar formas positivas de responder á agresión do outro, como interrogarlle sobre a súa conduta, sinalarlle o impacto da súa conduta sobre os demais e as consecuencias que se poden

derivar da mesma para as súas relacións interpersoais, solicitarlle reparación do dano, por exemplo “ falar con el preguntarlle por que o fixo” “ solicitarlle que lle devolva a pelota”, “dicirlle que debe desculparse pola súa conduta”, “ dicirlle que así non terá amigos”... Dependendo do tempo dispoñible pódese incluír o dilema da pena de morte como última fase do debate. Neste dilema confrontase aos membros do grupo con outra situación na que a agresión conduce a un punto extremo, é dicir, á morte do outro. Se se inclúe o dilema moral da pena de morte, requírense dúas horas para poder levar a cabo todo o desenvolvemento da actividade.

Materiais:

Folios e bolígrafos. Materiais para a dramatizacións

Tempo: Entre 1 hora e media e dúas horas.

54 - O rexeitamento

Obxectivos:

- Confrontarse cunha situación na que un é rexeitado e desvalorizado polos compañeiros, analizando os sentimentos subxacentes a esa situación.
- Reflexionar sobre distintas técnicas de resolución da situación problemática, distintas formas de responder ao rexeitamento.
- Estimular a empatía cara compañeiros rexeitados ou marxinados polo grupo.
- Fomentar a expresión emocional a través da dramatización.

Descrición da actividade:

Establecese ao grupo a seguinte historia: “Ana ten problemas no seu grupo de tempo libre. Os seus compañeiros non lle deixan participar dos seus xogos, rexéitana. Un día o grupo estaba facendo planes para acudir o sábado á festa de aniversario de Rosa. Ana acercase ao grupo e dilles que lle gustaría ir a festa. Unha do grupo respóndelle que non pode ir porque non está invitada. ¿Que sente Ana nesta situación?¿Que podería facer?

Despois de narrar a historia, o grupo divídese en equipos de sete-oito participantes. En primeiro lugar, listan todas as posibles formas de responder a esa situación conflitiva na que unha persoa é rexeitada e marxinada polos demais (remuíño de ideas). Despois cada equipo selecciona a forma de responder que considera máis axeitada, debatendo as condutas posibles fronte a esa situación que cada equipo considerou (fase de avaliación das ideas) Cada equipo debe razoar por que considera esa solución a máis axeitada. Se non consegue seleccionar a mellor solución por consenso, realizan unha selección por maioría. En terceiro lugar, cada equipo realiza unha representación dramática na que se pon de releve a solución que consideraron máis axeitada. A dramatización debe amosar brevemente a situación da historia e a solución seleccionada polo equipo. Ao rematar a dramatización iníciase o debate. Concluída a fase de discusión poderíase desenvolver en gran grupo un debate complementario a partir do dilema do novo compañeiro (ver a variante) . A situación considerada como variante tamén se podería traballar independentemente noutra sesión.

Variante: “O dilema do novo compañeiro”: un día en clase o profesor comenta que vai a incorporarse un novo compañeiro ao grupo e que este é un enfermo de SIDA. O mestre explicaos os aspectos relacionados co SIDA (vías de contaxio) e clarifica que non sucede nada por xogar ou traballar con el. ¿Como te comportarías ti ao chegar o novo compañeiro? ¿Ofreceríaslle a túa axuda para que puidese integrarse no grupo como calquera outro alumno? ¿ Xogarías con el? ¿Non te relacionarías con el? ¿Como cres que se sentiría o compañeiro se fose rexeitado por todos os alumnos?

Discusión:

Despois da dramatización, coméntanse, en primeiro lugar, as solucións que representaron os equipos e cada equipo informa do razoamento polo que considerou esa solución como a máis correcta, ao tempo que se analizan as respostas seleccionadas (pasivas, agresivas, asertivas). Posteriormente lense as outras solucións propostas en cada equipo, clarificándose si son respostas asertivas (di o que pensa e sente sen ferir nin humillar ao outro), agresivas (di o que pensa e sente humillando ao outro) ou pasiva (non di o que pensa someténdose ao outro). Dependendo do tempo dispoñible, pódese incluír o dilema do novo compañeiro como última fase do debate. Neste dilema confrontase aos membros do grupo con outra situación de rexeitamento, Se se inclúe o dilema do compañeiro novo, requírense dúas horas para poder levar a cabo todo o desenvolvemento da actividade.

Materiais:

Folios e bolígrafos e materiais para a dramatización

Tempo: 1 hora e media

55 - Consello de redacción

Obxectivos:

4. Confrontarse cunha situación de emigración, marxinación e falla de amigos.
5. Analizar a situación problemática e reflexionar sobre posibles solucións á mesma
6. Por de releve os problemas de adaptación dos emigrantes
7. Promover a comunicación intragrupo. Toma de decisións por consenso e por maioría.
8. Estimular a empatía cara persoas en situación de dificultade.

Descrición da actividade:

En gran grupo, lese unha carta escrita por unha persoa hipotética (neste caso un rapaz emigrante) que pide consello fronte unha situación de soidade, marxinación e desadaptación na que se atopa.

Carta:

O meu nome é Kunta e teño 13 anos. Os meus pais tiveron que emigrar do noso país porque alí non tiñan traballo. Dende fai dous anos que deixamos Kenia vivo nun país moi diferente ao meu e non consigo atoparme ben aquí. A escolar é moi diferente a do meu país, e hai cousas que os rapaces da miña clase saben e eu non sei, polo que vou máis atrasado que os demais. A miña pel é máis escura e os compañeiros do colexio ao que asisto trátanme de forma diferente. Acostuma atoparme illado do grupo, cústame moito comunicarme no novo idioma, non teño amigos e esta situación faime pórme moi triste. ¿Que podo facer?

Despois da lectura da carta, distribúense os participantes en equipos de seis a oito membros. Cada equipo, durante quince minutos, convertese nun consello de redacción dunha revista e escribe unha carta a Kunta na que solidarizándose con el, lle dan consello para resolver esa situación. Posteriormente, en gran grupo, lense as cartas e ábrese un debate en torno aos contidos das mesmas e a eficacia das accións propostas.

Discusión:

O debate desenvolverase en torno aos contidos que cada equipo de redacción estableza en relación á situación problema. ¿Como se sente?¿Que pode facer para cambiar a súa situación?

Materiais: Folios e bolígrafos

Tempo: 60 minutos aproximadamente

56 - Xurado popular

Obxectivos:

- Clarificar actitudes de discriminación e racistas cara outros grupos culturais, confrontándose cunha situación de conflito intercultural (xitanos/paios)
- Analizar o conflito, clarificando distintos puntos de vista respecto ao mesmo.
- Reflexionar sobre posibles solucións.
- Promover a reestruturación cognitiva a través da comunicación intragrupo.
- Estimular a empatía cara minorías culturalmente diferentes.

Descrición da actividade:

En primeiro lugar, presentase en gran grupo unha situación problemáticas que vai a ser xulgada por parte do grupo.

Situación problema: O concello construíu un grupo de vivendas nun barrio de Lugo destinadas a unha comunidade xitana que ata o momento vivía nun campamento de chabolas. Un grupo de paios dese barrios solicita ao concello que expulse aos xitanos dese barrio acusándoos de roubar e de traficar con drogas. Dende que os xitanos se instaloron no barrio, houbo varios roubos e os veciños acúsanos de que foron eles. Ademais, nos últimos tempos os veciños observaron a chegada ao barrio de moitos taxis nos que veñen rapaces xoves con aparencia de drogadicto. Agora este tema chegou aos tribunais e nos debemos valorara esta situación.

En segundo lugar, e durante un tempo de quince minutos, divídese ao grupo en dous subgrupos, un deles representará ao equipo da defensa e intentará buscar argumentos para defender a permanencia dos xitanos no barrio e outro que argumentará a favor dos veciños para que toda a comunidade xitana sexa expulsada do barrio volvendo as súas chabolas. Os dous grupos prepararán defensa e ataque con apoio de testemuñas que aporten datos positivos e negativos fronte o conflito.

En terceiro lugar, distribúense roles e represéntase o xuízo. O profesor representará o xuíz tendo como papel a regulación da situación. Un equipo escollerá ao avogado defensor, que será portavoz dos seus argumentos, e o outro elixirá ao fiscal, que argumentará en contra dos xitanos. Ambos contarán con tres testemuñas que expoñerán datos para defender ou par incriminar aos xitanos. O resto do grupo fará de xurado debendo dar un veredicto. O xurado dispoñerá de todo o tempo que necesite para debater o veredicto.

Discusión:

O debate establécese en torno a adecuación do veredicto concluído, se se chegou por consenso ou por maioría e sobre outros posibles veredictos fronte a esa situación

Materiais:

Folios e bolígrafos e materiais para a dramatización

Tempo: 1 hora e 30 minutos

57 - Unha pelexa en grupo

Obxectivos:

- Estimular a comunicación intragrupo en relación as expectativas ou pensamentos que aparezan nun conflito no que intervén a agresión.
- Aprender mecanismos de resolución de situacións de agresión, reflexionando sobre a adecuación de diversas formas de afrontamento.

Descrición da actividade:

En primeiro lugar, explícase aos alumnos que pola escola corre o rumor de que ao rematar as clases haberá unha pelexa na que participarán os seus mellores amigos. ¿Que pensarían ao oír isto?. Divídese o grupo en equipos de sete ou oito membro, e cada membro recibe unha lista de pensamentos ante esta situación. Individualmente, deben seleccionar tres destes pensamentos en función do grao de conformidade que teñen respecto a eles (os tres pensamentos que cren que eles terían fronte a esa situación). Posteriormente, os membros de cada equipo comunican ao secretario do equipo a súa selección e obteñen as frecuencias dos pensamentos nunha folla de síntese das respostas do equipo. Posteriormente, en gran grupo, realízase o mesmo proceso de integración de resultados (frecuencia de cada pensamento no grupo) e ábrese un debate en torno a cada pensamento. Os resultados grupais sintetízanse na pizarra.

Discusión:

O debate organizase en torno a análise das implicacións (conduta, emocións... derivadas dos pensamentos máis frecuentes obtidos da integración dos resultados de todos os membros do grupo. Implicacións e consecuencias dos pensamentos do listado.

Materiais:

Folla de resposta individual (unha para cada participante). Folla de resposta de equipo (unha por cada equipo.) Pizarra

Tempo: 60 minutos aproximadamente

59 -Fantasía ou realidade

Obxectivos:

- Reflexionar sobre problemas concretos significativos neste nivel de idade.
- Aprender mecanismos e pautas para a resolución destes problemas
- Diferenciar resolucións máxicas ou de fantasía e resolucións con principio de realidade

Descrición da actividade:

En situacións de gran grupo e coa técnica “remuíño de ideas” cada membro do grupo suxire distintos problemas que poidan preocupar a unha persoa da súa idade e se introducen nunha bolsa. O profesor saca un problema da bolsa, leo e a persoa que suxeriu o problema explica ao grupo de forma detallada. Cada membro do grupo debe pensar e escribir en relación a ese problema.

- 1- Unha resolución máxica: desexo de fantasía que lles gustaría que ocorrese se todo fora posible.
- 2- Unha resolución realista: solucións prácticas e realistas ao problema
- 3- En terceiro lugar expóñense as solucións que pensaron os membros do grupo e reflexionase sobre elas tratando de seleccionar as máis axeitadas.

Discusión:

O debate centrase na análise das solucións propostas polos membros do grupo ás situacións problema consideradas.

Materiais: Folios e bolígrafos. Pizarra

Tempo: 30- 60 minutos en función do número de problemas que se aborden.

60 - Os burros

Obxectivos:

- Estimular a capacidade para analizar e observar un conflito
- Promover a comunicación intragrupo en relación as implicacións de cooperar versus competir

Descrición da actividade:

Cada participante recibe unhas viñetas e dánse a seguintes instrucións. “ cada un debe observar as viñetas e posteriormente escribir que lle suxiren esas viñetas. Trátase de observar que sucede e de analizar as conclusións ás que conduce a secuencia das viñetas”. Nesta actividade, cada membro do grupo debe reflexionar individualmente sobre o que sucede nas viñetas e a que conclusión pode conducir o conxunto de viñetas consideradas. Unha vez feito isto, os membros do grupo comentan as distintas reflexións individuais, ábrese un debate en torno as mesmas e tratan de sacar algunha conclusión en común.

Discusión:

O debate arbitrase en torno ás reflexións individuais e as conclusións do grupo, podendo xirar sobre o tema competitividade /cooperación. Cales son as consecuencias de cooperar e competir? Esta situación é similar ou parecida a algunha situación concreta que nos outros vivimos?

Conclusión: ambos animais teñen o mesmo obxectivo. Mentres non se tiñan en conta entre si e se ignoraban, ningún dos dous conseguiu o seu obxectivo. Sen embargo, ao terse en conta e cooperar, ambos obteñen un beneficio.

Materiais: Unha viñeta por participante. Folios e bolígrafos

Tempo: 30 minutos

